

Dos comités á cidadanía pasando polas urnas

O maurismo como cultura política nos distritos de Noia e Padrón (1910 – 1923)

AUTOR

Jesús Luís Vázquez
Pajares

DIRECTOR

Emilio Francisco Grandío
Seoane




Figura I: *Mapa dos distritos electorais da zona estudada*
Fonte: elaboración propia

Resumo

O presente traballo pretende unha aproximación ao estudo do maurismo en Galicia (na franxa que abarca os concellos comprendidos nos distritos de Noia, Padrón e as áreas circundantes), nun marco local que entendemos coma propicio a estas investigacións, dirixidas á identificación das orixes e concrecións prácticas daquel ideal da “contrarrevolución conservadora” e a politización das “masas neutras”. Partindo deste punto, a ambición do texto é a de ofertar un marco interpretativo co que poder ler este mesmo fenómeno noutros espazos, ao tempo que afondar no coñecemento bruto do que dispoñemos a cerca do modo no que o dito maurismo se instalou e concretou en diversos centros e iniciativas. Entre estes últimos destacaríamos a dirección de activas campañas electorais, mobilización de masas, publicación de prensa propia ou tecido de redes internas de relación, formadas polos centros mauristas da zona; a cuxa identificación dedicamos tamén boa parte dos noso esforzos. Finalmente, procuramos tamén atender a observación das lóxicas internas dos individuos, clientelas e grupos de interese envoltos nestas realidades, como promotores ou competidores do emerxente maurismo galego; o cal sempre vemos acompañado de inimigos e aliados sobre os que tamén colocamos o noso foco.

Resumen

El presente trabajo pretende una aproximación al estudio del maurismo en Galicia (en la franja que abarca los municipios comprendidos en los distritos de Noya, Padrón y las áreas circundantes), en un marco local que entendemos coma propicio a estas investigaciones, dirigidas a la identificación de los orígenes y concreciones prácticas de aquel ideal de la “contrarrevolución conservadora” y la politización de las “masas neutras”. Partiendo de este punto, la ambición del texto es la de ofrecer un marco interpretativo con el que poder leer este mismo fenómeno en otros espacios, al tiempo que ahondar en el conocimiento bruto del que disponemos a cerca del modo en que el dicho maurismo se instaló y concretó en diversos centros e iniciativas. Entre estos últimos destacaremos la dirección de activas campañas electorales, movilización de masas, publicación de prensa propia o tejido de redes internas de relación, formadas por los centros mauristas de la zona; a cuya identificación dedicamos también buena parte de nuestros esfuerzos. Finalmente, procuramos igualmente atender a la observación de las lógicas internas de los individuos, clientelas y grupos de interese envueltos en estas realidades, como promotores o competidores del emergente maurismo gallego; el cual siempre vemos acompañado de enemigos y aliados sobre los que también colocamos o nuestro foco.

Abstract

The present work aims to approach the study of maurism in Galicia (in the area that covers the municipalities encompassed in the districts of Noia, Padrón and the surrounding areas), in a local framework that we understand as suitable to these investigations, aimed at the identification of the origins and practical concretions of that ideal of the “conservative counterrevolution” and the politicization of the “neutral masses.” Starting from this point, the ambition of this text is to provide an interpretative framework with which to analyze this same phenomenon in other places, while delving into the raw knowledge that we have about the way in which the aforesaid maurism is installed and materialized in centers and initiatives. Among the latter we would highlight the direction of active electoral campaigns, mass mobilization, publication of their own press or the setting up of internal relationship networks, formed by the maurist centers in the area; to whose identification we also dedicate a good part of our efforts. Finally, we also try to attend to the observation of the internal logic of the individuals, clienteles and interest groups involved in these realities, such as promoters or competitors of the emerging Galician maurism, which we will always see accompanied by enemies and allies on whom we also place our focus.

Palabras clave (galego)	Palabras clave (castellano)	Key Words
<i>Maurismo, xuventudes, distrito electoral, contrarrevolución, clientelismo</i>	<i>Maurismo, juventudes, distrito electoral, contrarrevolución, clientelismo</i>	<i>Maurism, youths, constituency, counter- revolution, clientelism</i>

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	(pp. 1 – 4)
1. De Maura, mauristas e maurismos: límites, contextos e definicións para unha política de masas nun sistema de elites	(pp. 4 – 8)
1.1. Metodoloxías e hipóteses de partida para a lectura do maurismo	(pp. 4 – 7)
1.2. Modelo cronolóxico-interpretativo: o maurismo en etapas	(pp. 7 – 8)
2. Entre planificación e oportunidade: a chegada do maurismo a Galicia (1903/1910 – 1913/1914)	(pp. 8 – 17)
2.1. Lealdade persoal e grupos orixinais no marco dos primeiros gobernos de Antonio Maura (1903 – 1909/1910)	(pp. 9 – 10)
2.2. A alternativa maurista tras os sucesos de Barcelona: círculos conservador-mauristas no preludio da gran ruptura, o caso de Noia (1909/1910 – 1912/1913)	(pp. 11 – 14)
2.3. O maurismo máis alá das urnas: crise e alternativas no marco das primeiras xuventudes e círculos, o caso de Padrón (1912/1913 – 1914)	(pp. 14 – 17)
3. Dos círculos ao Congreso pasando por Galicia: materialización política nos anos centrais do movemento (1914 – 1918)	(pp. 17 – 23)
3.1. Coordinar a oposición: campañas electorais, política de alianzas e sociedades amigas nos distritos galegos (1914 – 1916/1917)	(pp. 18 – 21)
3.2. Do “annus horribilis” á “solución Maura”: ilusión e novas conquistas ás portas da presidencia (1916/1917 – 1918)	(pp. 21 – 23)
4. “Agora que temos o poder”: retos, proxectos e evolución da política maurista nos derradeiros gobernos de Antonio Maura (1918 – 1922/1923)	(pp. 23 – 32)
4.1. Do fasto á farsa: entre a desilusión dos nomeamentos e a desesperanza do novo retiro político (1918 – 1921)	(pp. 24 – 28)
4.2. Mauristas ao final do camiño: do derradeiro goberno á carreira pola supervivencia política (1921 – 1923)	(pp. 28 – 32)
CONCLUSIÓNS	(pp. 32 – 34)
BIBLIOGRAFÍA	(pp. 35 – 37)

INTRODUCCIÓN

Amplamente estudados pola historiografía galega contemporánea, os fenómenos do agrarismo e galeguismo relacionáronse coa emerxencia, entre fins do século XIX e comezos do XX, do asociacionismo e politización da poboación galega, responsables do primeiro contacto estendido da mesma con formas de cultura política de masas. Ao afondamento nas orixes da práctica política moderna no noso territorio terían contribuído Antonio Míguez Macho ou Miguel Cabo Villaverde que, en recentes artigos, ligaron a aparición destes movementos coa formación de opinión, debate e participación política, até entón constrinxidos a ámbitos socioeconómicos e formativos elitistas¹.

Falta, non obstante, nestas aproximacións ás orixes da cultura política galega, a consideración dalgunhas perspectivas fundamentais; non só europeas, senón tamén nacionais e rexionais/locais, frecuentemente infravaloradas. Unha mostra sería a desatención dada ao maurismo, un movemento político orixinado nun contexto español pero tamén occidental de “crise do liberalismo”, concretado en toda sorte de comités locais coetáneo á difusión deste asociacionismo politizante². Todo isto pouco observado, aínda cando se evidenciou este maurismo como espazo común de colaboradores das dúas ditaduras militares e líderes da dereita reaccionaria republicana (ex. Antonio Goicoechea, Calvo Sotelo, Gil Robles, Vallellano, César Silió ou Félix de Lequerica³).

A case corenta anos da primeira gran publicación académica sobre o maurismo, de Tusell e Avilés, debemos dicir que esta é aínda a aportación mellor e mais extensa que se fixo ao coñecemento deste fenómeno. Un estado precario, que as achegas de María José González e Robles Muñoz comezaron a remediar, aportando valoracións no ámbito socio-profesional no primeiro caso e lecturas máis biográficas no segundo⁴.

¹ Cabo Villaverde, Miguel e Míguez Macho, Antonio, “Pisando la dudosa luz del día: el proceso de democratización de la Galicia rural de la Restauración”, *Ayer*, nº 89, 2018, p.46.

² Storm, Eric, “Los guías de la nación: el nacimiento del intelectual en su contexto internacional”, *Historia y política: ideas, procesos y movimientos sociales*, nº 8, 2002, p. 39.

³ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea, sus orígenes: el maurismo*, Espasa Universidad, Madrid, 1986, pp. 304-305.

⁴ González, María José, *Ciudadanía y acción: el conservadurismo maurista, 1907-1923*, Siglo XXI de España Editores, Madrid, 1990. Robles Muñoz, Cristobal, *Antonio Maura un político liberal*, Biblioteca de Historia CSIC, Madrid, 1995.

Outra conxuntura distinta déixannos os progresos en materia de estudos locais, que en 2008 e 2009 os artigos dos profesores Miguel Cabo e Antonio Miguez presentaban como unha novidade pouco afondada⁵ e que actualmente aportan xa máis casos que o das primeiras aproximacións navarra, onubense ou castelán-leonesa⁶. Así, a fonte máis rica e actualizada de investigacións sobre o maurismo representaría a esta segunda liña de estudos rexional-locais por cuxos derroteiros quedaría trazado o rumbo a seguir⁷.

Foi a propósito do repensado deste maurismo que construímos o traballo, centrándonos na localización do movemento na nosa xeografía (limitada aos distritos electorais de Noia e Padrón) e a súa relación coas iniciativas asociativas de base (agraristas, rexionalistas...), identificando as dinámicas destas relacións e a súa contribución ao fenómeno maior que as engloba: a mobilización política en clave de modernidade da masa social galega.

Ese é o obxectivo central, atopar indicios de modernización política, mobilización das masas ou a incorporación a dinámicas de competencia electoral nos sinalados distritos. Facémolo ademais a partir da observación dun papel do maurismo valorado a modo de hipótese como esencial, por ter sido quen de romper as prácticas da quenda e con elas, a lóxica de representatividade simbólica vixente até entón. Como obxectivos menores, sinalamos a identificación de dinámicas de poder e competencia entre as clientelas, o emprego de condutores de opinión (tales coma prensa ou mitins, vitais baixo o principio da “acción e propaganda”), a potenciación de espazos de socialización (ateneos, casinos, clubs, sociedades recreativas, comités e xuventudes mauristas e conservadoras...) ou o contacto mantido con partidos, movementos ou outros grupos de poder e influencia.

⁵ Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “O adolescente viril: o maurismo en Galicia, 1914-1923”, en Axeitos Agrelo, Xosé Luís, Grandío Seoane, Emilio e Villares Paz, Ramón (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Consello da Cultura Galega, Santiago, 2008. Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “El maurismo en Galicia. Un modelo de modernización conservadora en el marco de la Restauración”, en *Hispania*, nº 231, 2009.

⁶ Floristán Imizcoz, Elena e Fuentes Langas, Jesús María, “El maurismo en Navarra, 1913-1923”, en *Euskal herriaren historiari buruzko biltzarra*, Bilbao, 1987. Marcos del Olmo, María Concepción, “El maurismo castellano-leonés en las elecciones generealis del período 1914-1923”, en *Anales de la Univ. de Alicante: Historia contemporánea*, nº10-11, 1994. Peña Guerrero, María Antonia, “La formación del partido maurista en Huelva: antecedentes políticos y composición social”, en *Revista de Historia Contemporánea*, nº 7, 1996.

⁷ Entre as novidades que podemos atopar nesta liña, sobresaen nos espazos galego (noieses) e valencía (almoradidense) a obra de Daniela Ferrández Pérez. Ferrández Pérez, Daniela, *Nuevos y viejos actores: clientelismo político y poder local en perspectiva comparada (1905-1936)* (dir. Lanero Táboas, Daniel), Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2019 [Tese de doutoramento].

Todo o anterior, no marco cronolóxico que vai de 1910 a 1923, que escollemos por ser o primeiro o ano no que comezan a concretarse as simpatías personalistas en grupos de significación maurista con ambición electoral e o segundo, por levarnos á fin da Restauración e con ela, da alternativa política de Maura; diverxendo as liñas evolutivas por sendas autoritarias ou democristiás, disoltas ao termo nos proxectos da ditadura.

Para pescudar isto, consultamos documentación orixinal, extraída de fondos de Goberno Civil e correspondencia do AHRG; así como textos e documentación privada de época⁸. Unha busca que completamos coa consulta de fondos hemerográficos de cabeceiras coma *Galicia Nueva*, *Correo de Galicia*, *El Barbero Municipal*, *Acción Gallega*, *El Compostelano* ou *El Ideal Gallego*, ao que habería que sumar a lectura de gran cantidade de monografías, obras colectivas, teses de doutoramento ou artigos.

Pechando o apartado introdutorio, afondamos o noso esquema. Así, o primeiro apartado dedicarémolo ás hipóteses de partida, responsables da matización das lecturas existentes sobre maurismo, así como á creación dunha definición propia. Algo que nos levará á súa defensa como movemento rexeneracionista, pouco definido e contextualmente enmarcable nunha realidade europea de crise filosófico-política, concretada para España no que Tuñón de Lara chamou “crise orgánica da Restauración”⁹. O mesmo punto abordará o modelo de periodización, adaptando esquemas xa usados en estudos do maurismo onubense¹⁰. O segundo apartado introduciranos na casuística galega, comezando por unha fase “premaurista”, anterior ao seu nacemento “oficial”, procurando nela o tratamento das orixes, dos programas reformistas ou das primeiras manifestacións de simpatía entre grupos, responsables até de experiencias electorais. No terceiro punto exploraremos a evolución e éxitos dun movemento maurista xa cristalizado que, entre os anos 1914-1918, observará fundacións e conquistas nos ámbitos municipais. Trataremos ademais neste punto, alianzas con rexionalistas, agraristas ou tradicionalistas.

⁸ Nesta categoría podemos incluír o comentario feito a unha especie de diario ou “anais da Pobra do Caramiñal”, recompilado no seguinte texto, empregado para a nosa investigación: Martín Domínguez, Carmelo, *Crónicas da Vila do Caramiñal 1920-1942*, en: <https://smssmparaper.wordpress.com/wp-content/uploads/2019/03/cronicas-de-la-vila-del-caramic391al.pdf> [consultado o 12/03/2024]

⁹ Tuñón de Lara, Manuel, “Maura, el maurismo y sus élites”, en *Mayurqa: revista del Departament de Ciències Històriques i Teoría de les Arts*, nº 16, 1976, p. 71.

¹⁰ Peña Guerrero, María Antonia, “La formación del partido maurista en Huelva [...]”, op. cit., p. 305.

Finalmente, no cuarto apartado reflexionaremos sobre a decadencia tras 1918 (ata 1923), onde a fragmentación e crise interna é estudada ao tempo que os últimos gobernos, e con eles os derradeiros esforzos e logros na representación de concellos e distritos.

1. De Maura, mauristas e maurismos: límites, contextos e definicións para unha política de masas nun sistema de elites

Con dúas datas para a súa formación (a primeira no mitin de Ángel Ossorio o 28 de outubro de 1913 no Centro Conservador de Zaragoza¹¹ e a segunda na apertura do debate do Senado de xuño de 1914, coa retirada da confianza de Maura e os seus ao goberno de Dato¹²), non cabe dúbida que o maurista foi un movemento complexo. Marcado polas episódicas declaracións do seu líder simbólico (Antonio Maura) e as iniciativas que á marxe deste liderato tomaron os seus seguidores, integrantes dun movemento personalista e de rexeneración cujas verdadeiras aspiracións resultan difíciles de identificar.

1.1. Metodoloxías e hipóteses de partida para a lectura do maurismo

Resulta fundamental ante esta realidade, aclarar certos principios. Sinalaremos, deste modo, catro propostas interpretativas relacionadas co maurismo e a imaxe xerada en torno del, a cuxo perfilado nos dedicaremos agora, aportando unha definición propia:

Movemento político de aspiración rexeneracionista e tradición conservadora, vindicador de toda sorte de valores corporativistas, autoritarios e puntualmente antiparlamentaristas, convivintes con outros desarrollistas, hixienistas, localistas e descentralizadores; xurdido en torno aos últimos meses de 1913 a carón das declaracións rupturistas do seu líder inspirador (Antonio Maura) por obra do seu líder efectivo (Ángel Ossorio y Gallardo). Dirixido a executar unha reforma integral do sistema restauracionista español por medio do esencial chamamento ás masas e a súa incorporación política á nación; indisolublemente ligado a un marco occidental de crise do liberalismo e representante dunha liña programática conscientemente pouco definida, destinada á integración de forzas diversas baixo a máxima da “coalición conservadora”.

¹¹ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 51.

¹² Tuñón de Lara, Manuel, “Maura, el maurismo y sus élites”, op. cit., p. 75.

Vendo a definición, a primeira máxima que podemos tomar é a da categorización coma movemento. Esta afirmación supón obviar o debate arredor da identificación maurista cos modelos da facción e partido¹³. A escolla non é arbitraria, podendo defendela en base á ductilidade do “movemento”, apenas unha idea de participación conxunta dos individuos integrantes (parte dunha comunidade de valores) na vida política e social. Contrasta coa rixidez que ofertan os termos de facción ou partido, demandantes igualmente dunha concreción programática e organizativa ausente no noso caso¹⁴.

A segunda cuestión clave é a que nos leva a falar do maurista coma un movemento rexeneracionista, unha categoría que sendo polémica, sostemos igualmente. Partimos para elo, dunha idea de rexeneración non coma fin do fraude e o inicio da representatividade real¹⁵, senón coma incorporación do conxunto social ao exercicio efectivo dos seus dereitos políticos¹⁶. Debemos entón ter presentes ao menos tres factores na valoración do recurso ao fraude polos mauristas. O primeiro é que como partido político que participaba da Restauración, requiría manexarse coas mesmas ferramentas que os contrarios se pretendía conservar as aspiracións á representación. O segundo é que, considerando que a lei electoral era a de 1907, o sufraxio ademais de universal masculino era obrigatorio, polo que debían existir masas politicamente inactivas predispostas á venda e/ou canalización do voto. O último é que, considerando que eses votos eran obrigados, renunciar á súa captación directa implicaba o mesmo que concederllos ao inimigo.

A terceira proposta fainos relacionar o maurismo coa crise do liberalismo. Seguimos así a Miguel Cabo e Miguez Macho, que en recentes artigos compararon nesta clave o maurismo cos fenómenos do integralismo portugués ou maurasianismo francés¹⁷.

¹³ Solucións intermedias propúxoas María Jesús González, que fala de maurismo movemental reconducido en partido nos últimos goberno. González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 137.

¹⁴ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., pp. 52-53.

¹⁵ O que implicaría o recoñecemento dun rexeneracionismo máis discursivo que real. Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “El maurismo en Galicia [...]”, op. cit. p. 89.

¹⁶ Descubrimos entón que o maurista foi o movemento que, xunto co agrarista, estivo máis cerca de facer efectiva esa rexeneración. Non está entón de máis lembrar que Cabo Villaverde e Miguez Macho, como rexionalista José García Acuña, falaron do agrarismo en termos de “ximnasia cívica e cultural”. Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “Pisando la dudosa luz del día [...]”, op. cit., p. 65.

¹⁷ A cuestión foral é tamén comparada co Affaire Dreyfus coma exemplo de politización campesiña. Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “Pisando la dudosa luz del día [...]”, op. cit., p. 64. Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “El maurismo en Galicia [...]”, op. cit, pp. 88-89.

Seguindo esta liña, nós tamén procuramos perfilar esa realidade de crise europea, onde tal vez a característica común máis estendida sería a adopción maioritaria por elementos da política e en xeral elites formadas, dunha sorte de “sensibilidade de época”. Atopárase parte dela rodeada dun espírito vitalista de arraigo idealista¹⁸, cunha marcada preocupación polo valor social e pedagóxico das accións, dirixidas ás “clases neutras”. Deste modo resulta doado explicar o interese maurista pola educación das masas e a súa incorporación á vida cidadá. Atopamos precedentes en España no rexeneracionismo costista (explorado na Asamblea Nacional das Cámaras Agrícolas), o republicanismo (con Pi y Margall e logo Lerroux) ou o krausismo (con Julián Sanz del Río, Rafael Altamira, Francisco Giner de los Ríos...) ¹⁹, en esquecer outras correntes e personalidades (coma Antonio Cánovas del Castillo, Francisco Silvela ou Marcelino Menendez Pelayo) ²⁰.

En cuarto lugar, sinalaremos a ausencia dun programa concreto, ás veces visto como expresión da febleza organizativa ou desunión política, lexible tamén coma unha estratexia de indefinición consciente. Mantendo por medio dela, reivindicacións básicas (ex. identidade católica, rexeneración ou formación da masa neutra), sen adquirir compromisos firmes e garantindo os apoios potenciais de grupos políticos diversos²¹.

Non podemos esquecer que dentro do propio maurismo existiu certa desunión, falándose de “maurismo das rúas” e “maurismo parlamentario”²². Un idealismo que conviviu cun exercicio do poder menos revolucionario, cuxas medidas concretamos en dúas propostas clave. A primeira apostaba pola descentralización, argumentada na potenciación das competencias dos concellos, facendo deles centros de aprendizaxe e incorporación política. A segunda sinalaba o ideal da orde, asumindo unha concepción orgánica e corporativa da sociedade, buscando manter a cada quen no seu lugar.

¹⁸ Storm, Eric, “Los guías de la nación: el nacimiento del intelectual [...]”, op. cit., p. 41.

¹⁹ Storm, Eric, “Los guías de la nación: el nacimiento del intelectual [...]”, op. cit., p. 45.

²⁰ Para un desglose deste precedentes e estudo centrado na crise do conservadurismo, véxanse: Gil Pecharrómán, Julio, “Notables en busca de masas: El conservadurismo en la crisis de la Restauración”, *Espacio, tiempo y forma, Serie V*, nº 6, 1993, pp. 233-266. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., pp. 20-21. Storm, Eric, “Los muros de contención de los conservadores. De Cánovas a Maura”, en *La perspectiva del progreso. Pensamiento político en la España del cambio de siglo (1890-1914)*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2001, pp. 47-48.

²¹ González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 141.

²² *Ibid.*, p. 51.

A materialización política do anterior, deixouse ver en dous proxectos de lei do goberno longo de 1907-1909, recuperados ciclicamente e nunca aprobados: a “lei de administración local” e a “lei antiterrorista”²³. Responsables da tensión cos grupos á esquerda polo compoñente autoritario, con gran probabilidade tomado dos coetáneos gobernos presidencialistas de João Franco en Portugal ou Porfirio Díaz en México²⁴, este último expresión do modelo das repúblicas americanas de “orde y progreso”²⁵.

1.2. Modelo cronolóxico-interpretativo: o maurismo en etapas

Dedicaremos agora unhas últimas liñas a expoñer o noso modelo cronolóxico, tomado do reaproveitamento dos modelos de María Jesús González (que en *Ciudadanía y Acción*, falaba de tres momentos: formación, auxe e decadencia²⁶) e María Antonia Peña (a cal en *La formación del partido maurista en Huelva* teorizou coa idea dunha implantación dependente das elites conservadoras anterior a 1914, seguida da adquisición de entidade e figuras propias en crecemento ate o seu momento álxido en 1919, e dunha marcada decadencia ate a desintegración en 1923²⁷). Tomando estes referentes, sinalaremos catro etapas. A primeira levaríanos a unha fase embrionaria (de 1910 e 1913), onde algunhas elites conservadoras comezarán a vincularse ao ideario de Maura. Neste momento, de “protomaurismo” ou “fase conservadora”, xoves e intelectuais que logo vertebrarán o “maurismo das rúas”²⁸, colaboran con vellas elites, dirixindo as fundacións de xuventudes conservadoras ou o fomento de campañas electorais máis activas e mobilizadoras²⁹.

Unha segunda etapa de “maurismo pleno”, de longa duración, subdividímola en dúas fases; dende 1914 ate 1917/1918 (“fase formativa”) e dende 1917/1918 até 1919/1921 (“fase gobernativa”); identificando ondas fundacionais entre 1915-1916 ou 1917-1918.

²³ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 235.

²⁴ Así, en 1921, recordando os casos de México e Portugal, o director do maurista *La Acción*, baixo o pseudónimo de “duque de G”, fixo apelacións á ditadura. *La Acción*, 23 de novembro de 1921.

²⁵ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 354.

²⁶ González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., pp. 4-5.

²⁷ Peña Guerrero, María Antonia, “La formación del partido maurista en Huelva [...]”, op. cit., p. 305.

²⁸ Se ben hai casos de incorporación a fins de 1913 de novos conservadores deses perfís en lugares coma Huelva. Peña Guerrero, María Antonia, “La formación del partido maurista en Huelva [...]” op. cit., p. 306.

²⁹ Esta primeira etapa duraría dende 1909/1910 (aínda que podemos retrotraernos a 1906/1907) ate os últimos meses de 1913 e primeiros de 1914, cando chega a Galicia (a fins de 1913) o impulso da Asamblea de Zaragoza de outubro e os mitins do teatro Trueba de Bilbao de novembro; responsables dos primeiros grupos mauristas. González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 46.

A explicación das subetapas respondería no primeiro caso á apreciación entre 1914 e 1917/1918, dun dos intre de maior concentración das fundacións. O inicio do goberno Maura de 1918 e a presentación dun discurso próximo coa vella política e os seus grupos³⁰ marcarían o comezo dunha nova fase (gubernativa), máis dependente do seu xefe e das decisións tomadas en calidade de presidente de goberno. É o marco no que o maurismo experimentará conquistas parlamentarias e municipais, sostidas ate o goberno de 1921.

A partir dese período, podemos considerar un momento de decadencia (terceira etapa) entendido coma de “dispersión clientelar” ou “fase regresiva” (de 1919/1921 ate 1923), no que a vinculación maurista será menos pública, actuando as clientelas a título persoal³¹; chegando ao inicio da ditadura cunha unidade bastante fragmentada.

Con todo, non atopamos gran diferenza entre a situación do movemento tras o último goberno de 1921 e o comezo da ditadura. Así, na cuarta e última fase, “colaboracionista” ou “primoriverista”, potenciaríase aínda máis a autonomía das clientelas mauristas e as súas elites, colaborando estas xeralmente co réxime na dirección de concellos ou administración do Estado. Sendo o período 1925/26, coa promoción da Unión Patriótica, o momento de maior adición destas figuras ao novo goberno; podendo considerar entón, a disolución do maurismo dentro das estruturas da ditadura³².

2. Entre planificación e oportunidade: a chegada do maurismo a Galicia (1903/1910 – 1913/1914)

Exposto o noso esquema teórico e debido a que o noso obxectivo é proporcionar un estudo de caso, deberemos agora aterrar as nosas observacións nas escalas menores nas que decidimos movernos. No transcurso do seguinte apartado procuraremos dar resposta precisamente a ese gran interrogante que foi o proceso de instauración do maurismo nos lugares onde a vida e a loita política cobraban materialidade: as vilas que para a nosa investigación compoñen a área dos distritos electorais de Noia e Padrón³³.

³⁰ Amosado no mitin de Ossorio en Vigo o 1 de agosto de 1918. *Galicia nueva*, 12 xuño de 1918.

³¹ O uso de calificativos como: calvosotelistas, rexionalistas, agraristas, cadarsistas ou varelistas; exemplificarían a mutabilidade. Ferrández Pérez, Daniela, *Nuevos y viejos actores* [...], op. cit., p. 125.

³² No futuro membros do maurismo axudarían a conformar os mandos e bases da Unión Patriótica. Peña Guerrero, María Antonia, “La formación del partido maurista en Huelva [...]” op. cit., p. 328.

³³ Se ben as nosas referencias abarcarán algún outros espazos igualmente colindantes tales coma os dos distritos de Muros-Negreira, Santiago, Caldas, Pontevedra, Redondela, Cambados ou Vigo.

2.1. Lealdade persoal e grupos orixinais no marco dos primeiros gobernos de Antonio Maura (1903 – 1909/1910)

Achegarse ao maurismo implica necesariamente achegarse a Antonio Maura, unha figura política excepcional, capaz de unir vontades conservadoras de todo cuño, ao revivir a esperanza dos consensos e facer proliferar en torno del equiparacións con Cánovas del Castillo; erixíndose como figura mesiánica e salvador da patria³⁴. O conservadorismo galego non permaneceu á marxe do atractivo da súa persoa. Así, o ideal de “revolución conservadora” (destinado a modernizar España por medio dun programa hixienista, anticaciquil, de marcada preocupación social, comprometido co labor formativo a nivel de educación básica e politización da poboación) introduciu no caso galego apostas particulares, constitutivas do que poderíamos chamar un “programa maurista galego”³⁵.

Entre as principais cabe ver a invocación da xustiza fiscal (evidenciada no problema dos consumos), a xestión da cuestión foral, a mellora das comunicacións e o comercio, o cuestionamento do monopolio político das clientelas, a defensa do catolicismo (reaccionario e alarmista³⁶) e a aposta pola dotación de servizos³⁷ (dende augas, a iluminación, escolas ou oferta cultural en sociedades recreativas, salóns...).

Moitas destas cuestións, constituían puntos de colisión frontal cos intereses das elites, que indistintamente d súa cor, vían comprometidos os negocios ligados á comisión e cobro dos consumos, á exportación cerealística ou á libre explotación dos cargos públicos (en xulgados, administración local ou, de xeito amplo, na representación política).

³⁴ Neste sentido non podemos senón lembrar algunhas afirmacións feitas dende órganos de prensa como *El Barbero Municipal*, onde dicían que un futuro partido maurista debía contar co: “insigne caudillo Don Antonio Maura, fechado de hombres sabios, de ciudadanos hidalgos y de gobernantes egregios”. *El Barbero Municipal*, 8 de febreiro de 1913. No mesmo diario temos declaracións máis duras que falan en 1910 de Maura como “el jefe que es caudillo, cerebro y brazo, espíritu y cuerpo del partido más fuerte y compacto que existe y ha existido en España”. *El Barbero Municipal*, 10 de setembro de 1910.

³⁵ Verdadeiramente, este “programa” coma tal non existiu, pois non se acadaron niveis de concreción suficientes (apostando pola contra pola indefinición). Con todo, si é posible comprobar preocupacións comúns na base dese “programa do maurismo galego”. *El Barbero Municipal*, 22 de marzo de 1913.

³⁶ Visible en discursos “cruzadístico”, tendentes a presentar un conservadorismo católico fronte a un impío liberalismo (ex. campaña polo distrito de Noia de 1910). *Diario de Galicia*, 19 de abril de 1910.

³⁷ Tamén no mesmo ciclo electoral noiés de 1910, foron estes os lugares comúns do discurso, insistindo no estado de abandono do distrito, visible na falta de dragado e canalización das augas, a falta de ampliación do peirao, as malas comunicacións terrestres ou a inexistencia dun ferrocarril. Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, eleccións e caciquismo no distrito electoral de Noia durante a Restauración Borbónica (1896-1923)”, *Barbantia Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 12, 2016, pp. 81-82.

Enténdese así que fosen tantos os defensores do presidente coma os detractores, algo que conduciu a unhas primeiras tensións no partido xa no “gobierno longo” (entre 1907 e 1909)³⁸. No lado oposto, as mesmas medidas rexeitadas polos inmobiliistas, motivaban os grupos de xoves formados, que non identificándose nas actitudes reaccionarias, observaban en Antonio Maura un símbolo sobre o que construír aquela rexeneración tan recorrente no discurso político-académico. Estes xoves avogados, periodistas, médicos, estudantes, artistas... posuían un compoñente xeracional que os predispuña a esa renovación política, sendo se non os primeiros mauristas, si decididamente os máis convencidos deles. Sen saír do gobierno longo, podemos apreciar un exemplo de pronta expresión maurista en Santiago de Compostela, onde existirían grupúsculos dificilmente documentados, definidos en torno de Salvador Canals, que barallaba xa para 1906 a creación dun periódico e centro significados coma mauristas³⁹.

Porén, estas iniciativas de base non terán unha gran traxectoria temporal, imponéndose outra alternativa, a dos tamén mauristas grupos de elites, compostos por familias de orde que atopaban ao final da Restauración nos seus distritos o gran problema da proliferación do enfeudado e o afianzamento das redes clientelares establecidas. Así, o control exercido polas familias contrarias, monopolizadoras dos espazos de poder, conduce á percepción dunha situación de marxinação na que os grupos preceptores deste trato, interiorizan discursos de oposición en clave maurista, rexionalista, galeguista, católico ou agrarista.

O caso de Noia pode ser exemplo da explicación das orixes das forzas mauristas, mais a realidade deixa unha situación máis complexa, ao coexistir os perfís xuvenís, revolucionarios e intelectuais cos continuistas e familiar-clientelares. Con todo, e á marxe de que os seus límites sexan difusos, do que non hai dúbida é de que, dende as frustradas familias das elites apartadas do poder (visibles en Noia no candidato Alejandro Cadarso), até os redactores do *Barbero Municipal* en Rianxo foron todos, ao seu modo e dende a comunión de ideas conservadoras que os unía, os primeiros mauristas galegos.

³⁸ Os períodos anteriores, dos gobernos entre 1903 e 1907, ás veces tamén se len neste sentido de prefiguración da ruptura (aínda que o posicionamento ultracatólico e actuación no caso Nozadela en 1904, achegaron a unión cos pidelistas). González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 9.

³⁹ De todo isto dámos noticia un xornal conservador compostelán, *El Correo de Galicia*, hostil a estas alturas, mais un voceiro claramente favorable aos maurista dende 1910s, *El Correo de Galicia*, 5 de xullo de 1906.

2.2. A alternativa maurista tras os sucesos de Barcelona: círculos conservador - mauristas no preludio da gran ruptura, o caso de Noia (1909/1910 – 1912/1913)

Poucos episodios teñen na historia da España contemporánea unha pegada tan forte coma a Semana Tráxica de Barcelona, valorada sempre como iniciadora ou evidenciadora de procesos maiores. No marco do noso estudo sobre maurismo tamén é así, pois en Galicia as polémicas sobre a xestión de Maura e de la Cierva, tiveron igual proxección. Anticipando dúas ideas claves: non cabía máis quenda (radicalizando a loita electoral) e non había lugar para fraquezas no respaldo ao líder (estábase con Maura ou contra el).

Con todo, para comezos de 1910, cando toma posesión o goberno de José Canalejas, a forza transformadora que tería no maurismo a dimisión do líder en 1909 aínda estaba comezando. A clave da radicalización, e con ela da novas adicións mauristas, atopámola en dous feitos máis: as inminentes eleccións a Cortes⁴⁰ e a percepción de que a chegada do goberno de Canalejas traería propostas laicizadoras (ex. “lei do cadeado”), contrarias á identidade dunha España que só se recoñecía nos adxectivos de monárquica e católica.

Estes feitos derivaron nun clima electoral competitivo, cuxa importancia non pode entenderse sen explicar o punto de partida. Podemos ver como a práctica da non realización de eleccións en distritos como Noia ou Padrón⁴¹ resultaba a norma. Os distritos eran monopolizados por redes de prohombres. Ilústrao o notable noiés Pedro Pais Lapido, deputado polo seu distrito dende 1886 até 1896 e en Padrón, o tamén liberal Eduardo Gasset y Artime, que monopolizou a acta de 1859 a 1879⁴². No cambio de século este control afianzouse, entrando ambos distritos na rede gassetista, ao incorporarse Noia en 1896 ao patrimonio de Rafael Gasset Chinchilla, repetindo por el até 1907⁴³.

⁴⁰ A declaración da ruptura de relacións co partido liberal (e con ela a fin da quenda) debía acompañarse dun cambio nas lóxicas políticas e de competencias polos representantes. Con todo, esta consigna resultou violada por xefes locais que pactaron con normalidade, ocorrendo co marqués de Figueroa en Coruña ou González Besada en Pontevedra. González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 20.

⁴¹ A situación era con todo extensible a outros espazos como Muros, onde fora reelixido de Eugenio Montero Villegas entre 1899 e 1912. Barral Martínez, Margarita, “O monterismo en Galicia”, en Axeitos Agrelo, Xosé Luís, Grandío Seoane, Emilio e Villares Paz, Ramón (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Consello da Cultura Galega, Santiago, 2008, pp. 56-57

⁴² Controlárono logo axentes delegados. Durán, José Antonio, *Historia de caciques bandos e ideoloxías en la Galicia no urbana (Rianxo 1910 – 1914)*, Siglo XXI de España Editores, Madrid, 1972, pp. 201-202.

⁴³ *Ibid.*, p. 202.

Neste sentido, 1910 cámbiao todo, pois co chamamento á ruptura de relacións que fai Maura os grupos afíns lánzanse á competencia pola representación, de modo que antes do intre fundacional de outubro de 1913 o maurismo galego xa proporcionara a experiencia dunhas eleccións. Nelas, á marxe de prácticas arbitrarias ou manipulacións, existían ao menos dous candidatos e un interese activo por ambas partes en competir por medio do voto. O proceso é así mesmo extensible a outros espazos como o de Pontevedra ou Cambados, onde tamén por primeira vez se cuestiona o candidato conservador dos Besada, Pedro Seoane Varela⁴⁴. Aconteceu o mesmo en Vigo, onde se valora presentar oposición contra Ángel Urzaiz y Cuesta⁴⁵. Destes procesos, interézanos especialmente o observado en Noia, a carón do candidato Alejandro Rodríguez Cadarso, que estivo preto de consumir éxito. Outras, como a de Padrón, deberon ser tamén intensas pero conservamos menos documentación, se ben sabemos que desenvolveron unha prensa propia⁴⁶. A elas habería que sumar a campaña en Muros-Negreira como candidato maurista de José Varela de Limia, vizconde de San Alberto (reintentada en 1914)⁴⁷.

Segue sobresaíndo, a pesar dos exemplos, a campaña electoral noíesa, analizada a continuación. Nela é unha figura da elite tradicional, Alejandro Cadarso Ronquete, quen dirixe a loita política amparado polos seus irmás Juan Cadarso Ronquete (avogado e recaudador de contribucións polo partido Xudicial⁴⁸) e Guillermo Cardarso Ronquete, así como familias amigas-emparentadas⁴⁹. No transcurso da mesma demóstrase unha enorme intelixencia por parte destas figuras que, antes incluso das eleccións, fixeron esforzos por publicitarse coma defensores das vilas do distrito (Noia, Boiro, Lousame, Porto do Son, Pobra do Caramiñal e Riveira) en oposición ao candidato Gasset. Así, aproveitan os incidentes do motín de consumos da vila a comezos de 1910⁵⁰ para renegociar o imposto co recaudador Francisco Pérez Hermo e presentarse coma benfeitores do pobo⁵¹.

⁴⁴ *Galicia Nueva*, 1 de abril de 1910.

⁴⁵ *Galicia Nueva*, 5 de novembro de 1909.

⁴⁶ *El Censor*, que inspiraría máis tarde a *El Barbero Municipal*. *El Barbero Municipal*, 12 de abril de 1913.

⁴⁷ Truncada pola cohesión do conservadorismo da zona. *El Correo de Galicia*, 7 xuño de 1911.

⁴⁸ Ferrández Pérez, Daniela, *Nuevos y viejos actores* [...], op. cit., p. 90.

⁴⁹ Tales coma os Andrés Senra, Pérez Morales, Busto Rodríguez ou Agra Cadarso. *Ibid.*, pp. 100-115.

⁵⁰ Estas protestas iniciáronse o día 22 de novembro de 1910 con labregos da parroquia de Santa Cristina de Barro manifestados coa esperanza de poder renegociar os consumos, resultando uns 15 feridos e 2 mortos. Agrafoxo, Xerardo, *Historia de Noia*, Deputación da Coruña, Coruña, 2019, pp. 241-244.

⁵¹ Chegando a abonar indemnizacións aos damnificados. *Ibid.*, p. 245.

Se a estas iniciativas sumamos a asistencia un ano antes á IV Semana Social Española e en 1911 ao Congreso Eucarístico Internacional de Madrid (expresións dun catolicismo militante e reaccionario⁵²), entendemos que o apoio popular cara ao cadarsismo maurista fose crecente. Combinouse isto con ciclos de mitins, visitas electorais e manifestacións en espazos como a Alameda, ademais de actos relixiosos⁵³, sen esquecer outras iniciativas coma a creación dunha *Liga de Amigos do País de Noia* en 1910⁵⁴.

Esta relación de actividades evidencia a intensidade dunha campaña que tivo tamén moito de manipulación de resultados, realidade que impediu que puidese consumarse unha vitoria cadarsista (igualmente fracasada, como as demais candidaturas mauristas).

A intensidade desta combativa política, minguará a partir de 1911. A razón sería a incapacidade para adquirir grandes conquistas políticas no inmediato, o que levaría aos grupos a propoñer unha oposición centrada na escala e representatividade municipal. Algunhas destas novas liñas deberon fixarse na reunión celebrada a modo de banquete en Ribeira co presidente do seu Comité Conservador local como anfitrión, Emilio Colomer, para discutir a carón do camiño que debera seguirse no futuro⁵⁵.

Os anos inmediatos servirán ao contacto con novos elementos dos que un dos máis sobresalientes serán os establecidos co xaimismo (en Galicia esencialmente discursivo)⁵⁶ e, sobre todo, co agrarismo confesional; se ben nos primeiros momentos ningún ten maior forza atractiva e relación que a *Acción Gallega* de Basilio Álvarez⁵⁷.

⁵² Ferrández Pérez, Daniela, *Nuevos y viejos actores* [...], op. cit., p. 106.

⁵³ Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, eleccións e caciquismo [...]”, op. cit., pp.83-84.

⁵⁴ A mesma liga será refundada para as eleccións de 1920 coma *Liga de defensa cívica de Noia* e podemos entendela nun sentido amplo como unha plataforma política flexible de signo conservador destinada a agrupar todo elemento antigassetista na loita contra o seu monopolio do distrito. Arquivo do Reino de Galicia (en diante ARG), Fondo de Gobierno Civil, signatura: L-5125.

⁵⁵ Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, eleccións e caciquismo [...]”, op. cit., p. 83.

⁵⁶ Non obstante, si xeraba moito interese mediático, sendo exemplo o seguimento observado en prensa das distintas mostras de amizade pública que en mítins madrileños ou valenciáns podían observarse entre mauristas e xaimistas en datas próximas. *El Correo de Galicia*, 9 de maio de 1914.

⁵⁷ O movemento deste nome, destinado á asociación das masas campesiñas en prol da mellora das súas condicións (creando espazos mutualistas, reivindicando o antiforalismo, a xustiza no reparto de consumos ou a loita contra os abusos caciquís) aparecerá en 1909 en torno de Basilio Álvarez, Alfredo Vicenti ou Portela Valladares. Con todo, concretárase a partir da creación do seu voceiro, *Acción Gallega* e pode falarse del como un movemento de masas de gran impacto no noso espazo de estudo dende 1912, co "*Manifiesto de Ourense*", orixe da revitalización agrarista logo de Unión Campesina ou Solidaridade Gallega. Cabo Villaverde, Miguel, *O agrarismo*, Edicións a Nosa Terra, Santo Tirso, 1998, p. 76.

As simpatías cara a estes dous grupos podemos apreciarlas en maio de 1913, cando no *Barbero Municipal* se publica o artigo *Caciquismo y servilismo*, con “guiños” a favor da colaboración dos elementos (agraristas, xaimistas ou mauristas) que compartisen, dentro dunha certa “comuñón conservadora”, a oposición á continuidade do sistema vixente⁵⁸.

2.3. O maurismo máis alá das urnas: crise e alternativas no marco das primeiras xuventudes e círculos, o caso de Padrón (1912/1913 – 1914)

A aproximación ás forzas católicas, mauristas, xaimistas ou rexionalistas expresaba na escala nacional a ambición por mudar a política española dende a refundación dos partidos dinásticos. Un proxecto trasladado a Canalejas coa mensaxe de que un esforzo reformulador tamén entre unha alianza de esquerdas, permitiría a restauración do turno⁵⁹. Logo do asasinato do presidente do goberno, o 12 de novembro de 1912, a posibilidade consensual desaparece. Ante esta situación, Alfonso XIII designa o tamén conservador Eduardo Dato, a fins de 1912, para formar goberno, quebrando así a tradición de concentrar xefatura e presidencia e iniciando unha crise polo liderado do partido.

Maura, ante isto buscou forzar unha mostra pública de afecto/lealdade, presentando o 1 de xaneiro de 1913 unha nota de dimisión, coa que se pretendía obrigar os deputados conservadores a posicionarse con el ou na súa contra. O problema veu cando só se sumaron ás dimisións Juan de la Cierva e 20 deputados máis, obtendo manifestacións opostas. Pronunciáronse autoridades como Sánchez Guerra, que dixo reprendendo o xefe que: *"por encima de Maura está el Partido Conservador y la monarquía"*⁶⁰.

Despois desta situación (e con ela da división dos conservadores en datistas/idóneos e mauristas), os adeptos de Antonio Maura atopan un líder derrotado, situado xa fóra da política parlamentaria activa. O peso da conservación dos grupos mauristas recaería en figuras coma Gabriel Maura ou Juan de la Cierva, que mantiñan viva a xefatura e adhesións con constantes defensas e declaracións pretendidamente mauristas.

⁵⁸ De clientelas monopolizadoras do poder político. *Barbero Municipal*, 17 de maio de 1913.

⁵⁹ A cooperación de Canalejas e Maura nos últimos meses do goberno liberal deu a entender a posibilidade dunha restauración da quenda (truncada co asasinato de Canalejas en novembro de 1912 e a disolución das alianzas de esquerdas exploradas). González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 30.

⁶⁰ González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., pp. 31-33.

Existían, con todo, certas diferenzas na política local, onde as loitas internas polo poder eran sentidas de modo máis colateral, primando ante o derrotismo, análises que falaban de retiradas tácticas e regresos inminentes⁶¹. En paralelo, nos ambientes madrileños (á marxe da dirección de Maura), Ossorio y Gallardo, Goicoechea ou Gabriel Maura, preparaban xa unha alternativa. Serán estes xoves mauristas os que rematen por organizar o movemento do mesmo nome na denominada “crise de outubro” de 1913⁶².

Esta desenvolveríase a partir de que o 28 de outubro de 1913, no Centro Conservador de Zaragoza, Ángel Ossorio y Gallardo dá un discurso no que dimite instando os demais conservadores a facelo⁶³. Comezaremos a ver entón esforzos por definir o maurismo xa coma unha realidade política autónoma, organizada, con obxectivos e estruturas propias, que en breve comezará a fundar os seus centros, círculos e xuventudes.

Ditos espazos experimentarán auxe fundacional dende novembro de 1913. Sobre eles debemos dicir que, pese a que dende xaneiro de 1914 existía unha normativa oficial para a organización dos espazos⁶⁴, a realidade é que o seu funcionamento se caracterizou por unha enorme autonomía. Un dos intervalos máis activos das fundacións vémonolo de fins de 1913 a 1914 (a pesar disto, creáronse outros en cronoloxías posteriores). En canto ás bases, e se ben vemos un compoñente intelectual-xuvenil na orixe de moitos centros, as fundacións dos espazos frecuentemente implicaron tamén a colaboración das autoridades conservadoras provinciais. Este foi o caso do marqués de Figueroa, que amosou simpatías polo maurismo, colaborando con Ramón Tojo para coordinar a promoción do maurismo padronés⁶⁵. Este aínda sendo ante todo exemplo de xuventude conservadora, amosou igualmente un compoñente dirixista e de respaldo institucional-conservador.

⁶¹ A difusión de discursos artificialmente optimistas, propensos a presentar a Maura (verdadeiramente ostraizado e contemplativo) como un loxista infalible na espera do momento oportuno, foron vitais para organizar a reacción maurista na súa orixe. *El Correo de Galicia*, 8 de xaneiro de 1913.

⁶² González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 7.

⁶³ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 51.

⁶⁴ Unha comisión executiva de cinco persoas en Madrid, líderes do Comité Central; definiron na Asamblea Nacional, entre os días 20 e 21 de xaneiro de 1914, a vertebración territorial do maurismo por medio dun comité provincial en cada capital de provincia e un representante por cada municipio. En canto a reunións, fixárase unha anualmente en Madrid con representantes dos centros e unha vez ao trimestre para os comités provinciais, encargados de renovar aos membros do Comité Central anualmente. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., pp. 55.

⁶⁵ Durán, José Antonio, *Historia de caciques bandos e ideoloxías* [...], op. cit., pp. 208-209.

Estudar o caso padronés pode ser clave polas súas peculiaridades, permitindo ver como se coordinaron estes centros. Así, o primeiro que sorprende ao achegarse a este espazo (o do distrito tamén uninominal de Padrón, cos municipios de Padrón, Rianxo, Dodro, Rois e Teo) é darnos conta de que aparece significado dende 1910 como maurista un grupo de xoves periodistas, artistas, intelectuais... que se atoparían congregados na contorna do semanario *El Barbero Municipal*. Entre eles, sobresaen nomes como os do director do xornal José Arcos Moldes, o industrial Rañó Alcalde, o periodista Eduardo Dieste, o poeta Ramón Rey Baltar ou o literato, artista e licenciado en medicina, Castelao⁶⁶.

Todos van cooperar nun proxecto rexenerador da vida política local, a partir da observación dos abusos dirixidos ao vello alcalde e eminencia conservadora (pai de Castelao), Mariano Rodríguez Dios⁶⁷. Este feito indignará á xuventude conservadora de Padrón, que dende a vila de Rianxo sacará este semanario, pronto contestado por outros en expresión dunha verdadeira “guerra da pluma” polo control da opinión⁶⁸. Dende entón e até a súa desaparición en 1914, *El Barbero Municipal* publicará toda sorte de artigos expoñendo preocupacións a carón da necesidade de novos espazos formativos⁶⁹, da corrupción e aberto despilfarro de municipios coma o veciño Rois⁷⁰, manifestando as inquedanzas a favor da conservación dunha educación o máis católica posible⁷¹, denunciando a deficiencia das infraestruturas⁷² ou evidenciando a utilización política dos consumos coma ferramenta de control, invocando a necesidade do reparto equitativo⁷³.

⁶⁶ *Ibid.*, p. 206.

⁶⁷ Apartado da alcaldía en 1909 en mostra de represión gassetista coordinada polo secretario da deputación da Coruña, Manuel Viturro. Durán, José Antonio, *Castelao (1886-1950): un complejo proyecto biográfico y político muy de época*, en González Beramendi, Justo e Villares Paz, Ramón (eds.) *Actas Congreso Castelao Tomo I*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1989, p. 25.

⁶⁸ Así, en 1911 aparece o xornal gassetista *La Noche*, mentres que entre 1911 e 1912, xorden *La Colmena* ou *Infancia Gallega* (feitas polos nenos da escola), estes últimos escritos a man con pegada conservadora. Durán, José Antonio, *Historia de caciques, bandos e ideologías* [...], op. cit., pp. 210-212.

⁶⁹ Como parte das actividades formativas, de instrución e culturización, o director do Barbeiro, José Arcos Moldes, organizaría semanarios formativos para ensino primario e mercantil dirixido a trinta nenos maiores de 10 anos de entre os máis pobres de Rianxo. *El Barbero Municipal*, 26 de abril de 1913.

⁷⁰ *El Barbero Municipal*, 25 de xaneiro de 1913.

⁷¹ Entre as expresións de pública relixiosidade, a defensa da educación eclesiástica está moi presente sinalándose a mesma en artigos como "*Por el catecismo, un voto de calidad*" de Blanca de los Ríos. Resulta de interese así mesmo sinalar a presenza de bastantes autoras femininas entre as escribentes de artigos semellantes dirixidos á vindicación da educación relixiosa. Serían exemplos os de Concepción Arenal ou Sofía Casanova. *El Barbero Municipal*, 26 de abril de 1913, 31 de maio de 1913 e 30 de agosto de 1913.

⁷² *El Barbero Municipal*, 5 de abril de 1913.

⁷³ Culpan aos consumos do aumento da emigración *El Barbero Municipal*, 29 de marzo de 1913.

Logo de que se desenvolvese a Asamblea de Zaragoza, varios centros e xuventudes conservadoras comezaron a abandonar a obediencia a Dato. Algúns dos primeiros serán os de Zaragoza, Oviedo, San Sebastián, Soria, Huelva, Madrid ou Bilbao, xa nos meses finais de 1913⁷⁴. Galicia non vai quedar atrás, aparecendo dous importantes núcleos: o de Coruña a partir de novembro⁷⁵ e o de Vigo, onde a Xuventude Conservadora se torna en Xuventude Maurista baixo a presidencia de Manuel San Román⁷⁶. A estes dous espazos sumaráselle logo o de Santiago⁷⁷ e o de Conxo (con casos de prensa dende 1912-1913, sendo exemplos *El Pueblo*, *El látigo* ou en 1914, *El látigo de Conjo*)⁷⁸.

Deste modo, para comezos de 1914, os distintos grupos van ir creando espazos similares⁷⁹. Un dos primeiros en Galicia será o de Padrón, fundándose o 20 de xaneiro de 1914 o Comité Conservador Maurista de Padrón coa axuda e dirección do núcleo vigués de Manuel San Román e o compostelán de López Mosquera. Este será o comezo dun fenómeno maurista moi forte na zona, ratificado polas eleccións do mesmo ano e que dará lugar á proliferación de comités menores en Rianxo, Dodro e Rois⁸⁰.

3. Dos círculos ao Congreso pasando por Galicia: materialización política nos anos centrais do movemento (1914 – 1918)

Unha vez asistida á fundación do maurismo propiamente dito, cabería preguntarse de que xeito se produciu a materialización política das iniciativas, tendo en conta que deberon enfrontar neste marco cronolóxico un bo número de retos a carón dun dos ciclos asociativos máis intensos (ligado á proliferación de sociedades mutualistas de gando, católico-agrarias, recreativas...). Debemos sumalo ás tres eleccións xerais (1914, 1916 e 1918) e aos non poucos episodios críticos en 1917 (como os ciclos de folgas, as Xuntas de Defensa, o auxe nacionalista ou a convocatoria da Asemblea de Parlamentarios).

⁷⁴ *El Correo de Galicia*, 8 de xaneiro de 1913.

⁷⁵ Reunirá personalidades dos conservadores e Cámara de Propiedade Urbana para formar un grupo aínda sen círculo. Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “O adolescente viril [...]”, op. cit., p. 85.

⁷⁶ *El Barbero municipal*, 24 de xaneiro de 1914.

⁷⁷ Onde defectarán as xuventudes conservadoras do lugar, formando entre este ano e o seguinte unha Xuventude Maurista dirixida por Vicente López Mosquera. *El Barbero municipal*, 17 de maio de 1913.

⁷⁸ Dirixido por Manuel Lema Trasmonte. Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “O adolescente viril [...]”, op. cit., p. 86.

⁷⁹ *Diario de Galicia*, 30 de decembro de 1913.

⁸⁰ Chegando incluso a Teo, Vedra e Boqueixón *El Barbero Municipal*, 24 de xaneiro de 1914.

3.1. Coordinar a oposición: campañas electorais, política de alianzas e sociedades amigas nos distritos galegos (1914 – 1916/1917)

O período inaugurouse co impulso fundacional previo (dende fins de 1913 a 1914), o que deixará en Galicia un primeiro mapa do “maurismo oficial”, que nos anos 1915-1916, posibilitaría a emerxencia de núcleos novos⁸¹. Un dos máis importante é o de Compostela, un espazo dominado polo monterismo (gobernado por García Prieto), onde en 1915 Felipe Gil Casares, funda o *Centro Maurista de Santiago*, completado en 1916 coas xuventudes, dirixidas por López Mosquera⁸². Con todos estes centros, dende 1914 e 1916, a presentación á conxuntura electoral será esperanzadora. Non obstante, os resultados serán modestos, chegando a absterse distritos xeralmente combativos. Destaca o de Noia, onde o liberal-gassetista Joaquín Chapaprieta é proclamado polo artigo 29 en 1914 e 1916⁸³. Por outra banda, en Muros e Padrón si hai loita electoral con alternativas mauristas, acudindo por Muros José Varela de Limia (contra o marqués de Algara de Gres) e por Padrón, Manuel San Román (contra o gassetista Francisco Prieto Mora)⁸⁴.

A campaña de 1914 de Manuel San Román en Padrón, constitúe a culminación do proxecto maurista local (vinculado ao *Barbero Municipal* ou a sociedade *Pro Cultura*). Pese a saír derrotado, o candidato demostra ter aprendido das estratexias exitosas da campaña noiesa de Alejandro Cadarso de 1910, reproducindo fórmulas como a das iniciativas caritativas e donativos⁸⁵. A mesma modernidade vese no recurso aos mitins e ciclos de conferencias⁸⁶. Finalmente, todo o anterior potenciábase grazas ás alianzas, das que o mellor exemplo é a presentación de San Román á vez como maurista e agrario. Ilustrando isto as boas relacións sostidas con *Acción Gallega*, do que a mellor expresión é a reunión/mitin conxunto do 1 de marzo no Pazo de Lestrove.

⁸¹ Non se trataba dunha realidade exclusiva galega; pode verse a través da Asemblea Nacional de 1915 (onde había congregadas máis de 250 entidades mauristas), ate que punto se difundira a alternativa de Ossorio. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 84.

⁸² Rómpeuse a tendencia á fundación dende as xuventudes, implicándose en Santiago o marqués de Figueroa. Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “El maurismo en Galicia [...]”, op. cit., p. 91.

⁸³ Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, eleccións e caciquismo [...]”, op. cit., p. 84.

⁸⁴ *El Progreso*, 3 de marzo de 1914.

⁸⁵ Concedendo 50000 pesetas para a creación dunha escola. *El Barbero Municipal*, 21 de febreiro de 1914.

⁸⁶ A modernidade da campaña electoral e o uso de elementos atractivos ou novidosos, pode percibirse máis intensamente en espazos como Madrid, onde se acode a carteis luminosos e até un aeroplano con follas de propaganda. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 88.

Alí, presididos por Basilio Álvarez⁸⁷, vemos a "propagandistas" (membros da ACNdP) como Manuel Vázquez Santamaría, o candidato maurista San Román ou o director do *Látigo*, Bello Varela. A afluencia resultaría masiva, con máis de 6000 campesiños⁸⁸. Toma deste xeito o agrarismo o peso fundamental das relacións e alianzas cos grupos mauristas, debendo ter igualmente en conta, para este entorno, a creación en 1916 da *Federación de Agricultores do Partido Xudicial de Padrón*, que pese a disolverse en 1919 deixa establecidas sólidas bases societarias agraristas en Teo, Dodro ou Padrón⁸⁹.

Non está de máis lembrar que estas sociedades potencialmente aliadas, nacen nun marco xeral de fomento do asociacionismo⁹⁰, moi visible no caso de Noia. Así, nos municipios do distrito, podemos atopar sociedades agrarias como *El Porvenir* (1915), *Unión protectora de ganaderos de Santa Cristina de Barro "La Constancia"* (1916) ou *San Antonio y San Roque, Sociedad de seguros mútuos de ganados* (1918)⁹¹. Ubicadas todas elas na mesma vila e completadas en Porto do Son coa *Sociedad Agraria de la parroquia de Baroña* (1916), *Sociedad Agraria de la parroquia de San Pedro de Muro* (1917) ou a famosísima (protagonista dos impactantes sucesos de Nebra de 1916⁹²) *Liga de labradores de Santa María de Nebra* (1909)⁹³.

Ás relacións cos católicos agrarios súmanse as sostidas con outras asociacións confesionais. Sobresae a Asociación Antoniana, con sede en Padrón en 1914, responsable de actos na campaña do candidato San Román⁹⁴. Esta expandírase para 1920 a Santiago, Coruña, Betanzos ou Ribadavia⁹⁵, chegando en 1925 a Muros, onde forman xuventude⁹⁶.

⁸⁷ Así mesmo, hai que entender que a limitación do ritmo de crecemento até 1918, non impide que Acción Gallega siga desenvolvéndose entre 1912-1914. Cabo Villaverde, Miguel, *O agrarismo*, op. cit., p. 102.

⁸⁸ *El Barbero Municipal*, 7 de marzo de 1914.

⁸⁹ Cabo Villaverde, Miguel, *O agrarismo*, op. cit., p. 115.

⁹⁰ O avance da "democratización" e cultura política en Galicia, sería indisociable do avance asociacionista. Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, "Pisando la dudosa luz del día [...]", op. cit., p. 63.

⁹¹ ARG, Fondo de Gobierno Civil, signatura: 32098.

⁹² O impacto destes sucesos fixo que se valorara coma unha verdadeira "revolta labrega" con ao redor de 5 mortos e máis de 50 feridos. Agrafoxo, Xerardo, *400 anos na historia da Vila de Noia [...]*, op. cit., p. 199.

⁹³ ARG, Fondo de Gobierno Civil, signatura: 32172.

⁹⁴ En Padrón utilízase politicamente a relixión, facéndose actos da "Asociación Antoniana" con amparado de conservadoras (ex. Otero, Lijó, Sanchez Vázquez...). *El Barbero Municipal*, 21 de febreiro de 1914.

⁹⁵ O mesmo diario preséntanos a *Asociación Antoniana*, coma unha plataforma dedicada ás limosnas ou ao auxilio a desvalidos ao tempo que educación relixiosa. *El Compostelano*, 20 de febreiro de 1920.

⁹⁶ ARG, Fondo de Gobierno Civil, signatura: 33317.

Poderíamos tamén falar de relacións co obreirismo, aínda que non se demostrara gran interese ou capacidade para atraer as masas obreiras. Pode entón afirmarse o excepcional de experiencias coma *Nueva Acción* de Barcelona⁹⁷, apreciando o obreirismo maurista en Galicia escasas mostras máis alá da colaboración na folga compostelá de xullo de 1917 ou o proxecto da *Mutualidade Obrera Maurista de A Coruña*, do Conde de Canilla⁹⁸.

No que refire ao contacto con grupos afíns, quedaría explicar o sostido co galeguismo rexionalista, atraído á órbita maurista polo principio descentralizador⁹⁹. Esta proximidade levou a simpatías cara aos líderes en actos como o do 80 aniversario de Manuel Murguía, no que se presencian mauristas (ex. Ramón Tojo)¹⁰⁰. A colaboración podería ser tamén expresión do temor de certos políticos a derivas nacionalistas (como apuntaban dende 1916 as Irmandades)¹⁰¹. Con todo, dende 1916/17 será menor o peso deste compoñente unha vez se asista ás primeiras rupturas coa Lliga¹⁰², o que non significa que non se seguise a ter certo peso, chegando a fundarse en 1919 unha oficina rexionalista en Noia, con Eduardo Campos Sampedro, colaboradora cos mauristas da zona¹⁰³.

Intimamente relacionado, teríamos o uso da propia lingua galega, estendida en prensa maurista como *El Barbero Municipal*. Alí, o emprego de coplas, diálogos “casuais” e algúns refráns e frases curtas, buscaría amosar a opinión política dos veciños, servindo ao tempo como instrumento de influencia na opinión pública. Algo vital se partimos do contexto dunha prensa hostil¹⁰⁴. Por último, cremos que sintetiza á perfección a relación de maurismo e rexionalismo a frase de Jacobo Varela (irmá do Vizconde de San Alberto): “*pensando y aún hablando en gallego, no debemos olvidar que somos españoles*”¹⁰⁵.

⁹⁷ Para a relación do maurismo co obreirismo véxase: González, María Jesús, “Un aspecto de la revolución desde arriba: maurismo y acción social”, *Espacio, tiempo y forma. Serie V*, nº 1, 1988, pp. 145-161.

⁹⁸ Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “El maurismo en Galicia [...]”, op. cit., p. 105.

⁹⁹ Os mauristas como a ditadura, estiveron a favor do elemento identitario-descentralizador dentro dos límites do rexionalismo, cunha mirada hostil ao nacionalismo, distanciándose de Cambó e a *Lliga*. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., pp. 97-98.

¹⁰⁰ *El Barbero Municipal*, 22 de maio de 1913.

¹⁰¹ Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “O adolescente viril [...]”, op. cit., pp. 96-97.

¹⁰² Esta ruptura consagrouna o violento discurso de decembro de 1918 de Maura, acompañado do respaldo de Lequerica, Peyra ou Goicoechea. González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 88.

¹⁰³ *El noticiero gallego*, 4 de abril de 1919.

¹⁰⁴ Referímos ao tantas veces invocado “trust” da prensa liberal, que reunía a *El Imparcial*, *El Liberal*, e *El Heraldo de Madrid*. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 27.

¹⁰⁵ Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “El maurismo en Galicia [...]”, op. cit., p. 99.

Dando por explicadas as relacións con todas estas forzas, incorporámonos agora de novo á secuencia cronolóxica, para abordar tras as eleccións xerais de 1914, o ciclo de eleccións municipais de 1915. Obsérvanse neste momento conquistas no ámbito das concellalías, que non alcaldías, sendo quizais as da capital do estado as que mellor exemplifican os éxitos¹⁰⁶ reproducidos na corporación municipal de Santiago (onde logra cargo Vicente López Mosquera¹⁰⁷) ou na de Vigo (onde o consegue Enrique Pascual¹⁰⁸).

Non obstante, ningunha elección resultou tan relevante como a de 1916, a primeira dirixida directamente por Antonio Maura, ilusionado ante a posibilidade de volver ao goberno¹⁰⁹. Así, nas eleccións de abril de 1916 Maura tomou o control da campaña, logrando uns 16 parlamentarios¹¹⁰ que sen poder gobernar nin significar demasiado en termos prácticos, si o facían no simbólico¹¹¹. En calquera caso, o máis determinante será que, coñecidos os resultados, o líder volverá ao retiro, desencadeando dúbidas a carón da continuidade do maurismo. Como consecuencia, no verán de 1916 un Ossorio y Gallardo xa desconfiado, transmitirá ao político que se só ía seguir agardando a oportunidade da presidencia, informase os integrantes do movemento para que puidesen disolverse¹¹².

3.2. Do “annus horribilis” á “solución Maura”: ilusión e novas conquistas ás portas da presidencia (1916/1917 – 1918)

Entre 1916 e 1917 hai voces discrepantes no partido, pesimistas ante os sucesos críticos apreciados a escala nacional e local. Sobresairía na nosa contorna, en outubro de 1916 un episodio de represión na parroquia de Nebra, en Porto do Son, onde a garda civil dispara (con resultado de morte de varios manifestantes) a un grupo de veciños descontentos coa subida dos consumos e expropiación municipal por impagos¹¹³, sumándose este a comezos de verán de 1917, a unha folga xeral en Compostela.

¹⁰⁶ González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., pp. 60-61.

¹⁰⁷ *El Correo de Galicia*, 7 de febreiro de 1917.

¹⁰⁸ *El Barbero Municipal*, 7 de marzo de 1914.

¹⁰⁹ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., pp. 88-89.

¹¹⁰ *Ibid.*, p. 91.

¹¹¹ González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 64.

¹¹² Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 99.

¹¹³ Este episodio terá un gran impacto, recuperándose en momentos como o das eleccións de 1918 en Noia, coma parte dun recordo común de afrontas do caciquismo local xunto o episodio do motín de consumos de 1910. Durán, José Antonio, *Historia de caciques bandos e ideoloxías* [...], op. cit., pp. 358-362.

De todos os xeitos, tal vez o nacional sería o que máis condicionaría a evolución do maurismo no curto prazo, sendo de enorme pegada o enfrontamento coas Xuntas de Defensa¹¹⁴, a Asamblea de Parlamentarios e a Folga Xeral de Agosto¹¹⁵.

A pesar das dificultades e cuestionamentos internos, unha vez máis o estadista balear volve impoñerse, logrando un clima de euforia cando o 31 de outubro de 1917 se coñece o ofrecemento feito por Alfonso XIII para formar goberno. Así, aínda que finalmente fracase¹¹⁶, esta primeira oportunidade real en moito tempo fará que o movemento recupere a ilusión e entre nun novo ciclo de fundacións. Estas derivarán en conquistas na escala local, destacando a chegada de Vicente López Mosquera á alcaldía de Compostela en 1917¹¹⁷, designado dende a deputación provincial¹¹⁸. Feito este de gran carga simbólica para o maurismo galego, ao tratarse do seu primeiro goberno municipal. Ao tempo, éntrase nunha nova vaga fundacional entre 1917 e 1918, creándose en xuño de 1917 a Xuventude Maurista de Vilagarcía, con Vicenti Paratcha como presidente¹¹⁹.

Xa para abril de 1918, falaríamos da aparición do Centro Maurista de Conxo, coa presidencia de Enrique Rajoy Leoup. Dase esta fundación en paralelo á do *Sindicato Agrícola de Conjo*, afirmando este feito os vínculos entrambos¹²⁰. Precisamente en relación a ese contacto co mundo do sindicalismo agrario, debemos incluír a referencia á creación en 1918 das *Federacións Católico Agrarias (FCA)*¹²¹, agrupacións de sindicatos agrarios confesionais tendentes a prácticas paternalistas e a unha tendencia a nutrir das súas filas tanto futuros mandos da Unión Patriótica como do propio maurismo¹²².

¹¹⁴ As Xuntas transmitían a simpatía, ao dar a entender a disposición a executar un golpe, co desexo de ser liderados de Maura. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 115.

¹¹⁵ González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 68.

¹¹⁶ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., pp. 127-128.

¹¹⁷ Adquire unha dimensión maior se somos conscientes que en 1917 nas municipais o maurismo gañou en Madrid. Robles Egea, Antonio, “Pasión y agitación política en Madrid”, en Bahamonde Magro, Ángel e Otero Carvajal, Luis Enrique (eds.), *La sociedad madrileña durante la Restauración 1876-1931*, Vol. II, Comunidad de Madrid, Madrid, 1989, p. 72.

¹¹⁸ Este feito resultou vital pese a ser un mandato breve, aberto en agosto de 1917 e pechado en decembro. Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “El maurismo en Galicia [...]”, op. cit., p. 107.

¹¹⁹ Este centro debeu contar ao menos con 150 membros. *Galicia Nueva*, 21 de decembro de 1917.

¹²⁰ *El Correo de Galicia*, 2 de abril de 1918.

¹²¹ Proclamaban solución autoritarias, corporativistas e de orde, acercándose a postulados conservadores-mauristas, cos que pactaron candidatos. Cabo Villaverde, Miguel, *O agrarismo*, op. cit., p. 142.

¹²² Resultando relevante mencionar o caso de José Varela de Limia, vizconde de San Alberto, presidente da FCA de Santiago. Cabo Villaverde, Miguel, *O agrarismo*, op. cit., p. 154.

Volvendo coa secuencia de creación de centros, habería que mencionar a creación dunha Xuventude Maurista de Noia (con Luís García Cadarso coma presidente)¹²³. Cando se convoquen eleccións xerais en 1918, esta plataforma resultará vital ao novo candidato do distrito Francisco Vázquez Enríquez, avogado e concelleiro rexionalista por Compostela¹²⁴, quen dirixirá unha campaña coa consigna: “*Hijos del país, vuestros hermanos, si; cuneros no*”. Porén, a contenda volverá resolverse cunha vitoria aplastante do candidato Gasset, que conseguirá máis do 98% dos votos¹²⁵.

Esta situación non se repetirá noutras escalas, evolucionando o movemento no rango nacional cara a unha das súas mellores conxunturas, marcada pola caída do goberno de García Prieto en febreiro de 1918, suceso ante o que os mauristas se manifestarán como unha alternativa viable, invocando en *La Acción* as primeiras consignas ditatoriais¹²⁶. Neste contexto, tras a caída do goberno, chaman a Maura para a presidencia; logrando formar goberno en marzo de 1918, ao terceiro intento, co rei como mediador. A case dez anos da dimisión de 1909 e cinco da aparición do maurismo propiamente dito, Antonio Maura regresaba ao poder cun gabinete de concentración e renovada autoridade¹²⁷.

4. “Agora que temos o poder”: retos, proxectos e evolución da política maurista nos derradeiros gobernos de Antonio Maura (1918 – 1922/1923)

Meses antes da chegada ao poder, entre os días 17 e 24 de xuño de 1918, creouse unha nova estrutura para o maurismo, formada por unha xerarquía de xuntas locais, de distrito, provinciais ou insulares e xuntas rexionais potestativas. As cales estaban reunidas todas baixo unha Xunta Nacional de Acción Maurista, integrada por representantes do Centro Maurista de Madrid, da Xuventude, dos centros obreiros e representantes das capitais de provincia asistentes á asamblea¹²⁸. Non obstante, a distribución ideal non vai ter unha aplicación práctica parella, evidenciando a existencia de disidencias xa moi notables.

¹²³ Existiría na súa constitución impronta da Liga de Amigos de Noia, un espazo frecuentado por mauristas dende a súa creación en 1910. Ferrández Pérez, Daniela, *Nuevos y viejos actores* [...], op. cit., pp. 100-101.

¹²⁴ Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, eleccións e caciquismo [...]”, op. cit., pp. 84-85.

¹²⁵ Resultado escandaloso que unha deputación non dubidará en reafirmar. *Ibid.*, p. 85.

¹²⁶ Maura era no mellor caso, un vello liberal tan cautivado coma precavido polas posibilidades da nova política. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 141.

¹²⁷ *Ibid.*, pp. 142-144.

¹²⁸ *Ibid.*, pp. 149-151.

Estas disputas enraizaban con outras máis fondas, referentes ao debate sobre o liberalismo e a polarización das subfaccións (exemplificadas en Ossorio e Goicoechea). O que non farán senón perfilar o camiño cara á ruptura, paradoxicamente ao tempo que o seu líder renovaba a confianza monárquica para o acceso ao goberno.

4.1. Do fasto á farsa: entre a desilusión dos nomeamentos e a desesperanza do novo retiro político (1918 – 1921)

Probablemente nada ilustra mellor o clima de fervente ilusión vivida na volta de Maura ao poder como o ciclo de celebracións organizadas dende os seus centros; nos que destacan cidades coma Santiago, con engalanado de fachadas ou preparación de banquetes¹²⁹. Esta ilusión durará pouco, pois o principio dun goberno de concentración enfrontábase ás discrepancias dos seus integrantes¹³⁰. Un dos puntos de maior tensión é o que xeraba, para os máis fieis mauristas dos centros, a negación de maiores cotas de poder, sentíndose esta decisión como unha traición a saldar pola vía das defeccións¹³¹.

Visto este panorama non é por tanto de estrañar que o goberno dure pouco, ao resultar acertada a crítica respecto dos problemas dese pluralismo; conducindo as dimisión de Alba e Cambó ao fin do goberno para outubro de 1918¹³². Tras isto, sucédense a escala nacional gobernos febles cos liberais García Prieto e Romanones¹³³, un feito que se compaxina no local, cunha acción maurista volcada no achegamento a esa órbita conservadora máis ampla (católica, tradicionalista...) ¹³⁴, no desempeño de iniciativas culturais e obras pías ou no enfrontamento aos abusos caciquís.

¹²⁹ *Gaceta de Galicia*, 23 de marzo de 1918.

¹³⁰ Manifestaríanse críticas na reunión da primeira Asamblea Nacional de Entidades Mauristas (en xuño de 1918), cara a un goberno plural no que os principais postos foran reservados para elementos xeralmente alleos ao maurismo dos centros. González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., pp. 85-87.

¹³¹ Con todo, non falamos tanto dun abandono masivo do maurismo como da aparición de liñas discordantes. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., pp. 151-152.

¹³² Ao tempo, o maurismo alcanza tons moi hostís, dicindo Goicoechea en defensa de Maura que era "*un instrumento elexido por Deus, salvación de España*", algo paralelo ás invocacións antiparlamentarias de *La Acción*. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., pp. 152-153.

¹³³ Para 1918-1919 tense xa falado do paso dunha política de turno dos grandes partidos dinásticos a outra de turno das faccións (datistas, mauristas e ciervistas para os conservadores) (albistas, romanonistas e prietistas para os liberais). González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 91.

¹³⁴ Neste achegamento entre as dereitas deberon existir presións das correntes máis radicais, pero tamén unha boa dose de reflexión autónoma, xurdida a carón do debate sobre o parlamentarismo na guerra mundial ou a difusión do medo aos procesos das ocupacións de terras en Andalucía ou ás folgas polo territorio. González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 89.

Son así de cronoloxías próximas o fomento dende Santiago dunha institución de caridade para o auxilio de orfos, *La Gota de leche*¹³⁵, servindo igualmente de exemplos as reclamacións sobre o censo dende o Centro Maurista de Compostela¹³⁶ ou a promoción dende a Xuventude Maurista de Vilagarcía dun grupo de música¹³⁷.

Para novembro, os gobernos liberais non estabilizan a situación, agravándose a crise. Xa maior e apartado do poder, Maura desexa ficar á marxe e inspirar aos máis xoves, sendo o que en realidade sempre fora, un símbolo¹³⁸. Esta actitude potencia as tensións internas, responsables xa da prerruptura do maurismo nas liñas “de esquerdas” (de Ossorio) e “de dereitas” (de Goicoechea), igualmente referidas como maurismo social de tendencias democristiás e maurismo autoritario de tendencias prefascistas¹³⁹.

Véndose as tensións crecentes e ante a disposición de figuras como Miláns del Bosch a tomar medidas contra o catalanismo, outórgaselle unha vez máis a Maura a confianza, definindo un goberno de concentración, discursivamente plural mais na práctica unicolor, integrado por homes de confianza (de la Cierva, Goicoechea e Ossorio)¹⁴⁰. Para asentar o novo mandato convocáronse eleccións xerais en 1919¹⁴¹, das que resultarán escolleitos 202 conservadores, dos que ao menos 67 serían mauristas¹⁴². Un resultado tan favorable evidencia a potenciación do recurso ao fraude. Conséguese unha representación ampla, que anima a presentación de novos candidatos como López de Haro por Caldas de Reis¹⁴³ ou Rafael Sáenz Díez por Pontevedra¹⁴⁴. A pesar dilo, na nosa zona, esta conquista das actas con amparo estatal vencellarase ao seguinte ciclo electoral de 1920¹⁴⁵.

¹³⁵ *El Compostelano*, 20 de febreiro de 1920.

¹³⁶ *El Compostelano*, 28 de abril de 1920.

¹³⁷ *Galicia Nueva*, 18 de outubro de 1919.

¹³⁸ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., pp. 161-162.

¹³⁹ González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 87.

¹⁴⁰ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., pp. 172-173.

¹⁴¹ Delas habería que dicir, celebráronse sen garantías constitucionais, un feito fundamental á hora de valorar o triunfo. González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 96.

¹⁴² Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 179.

¹⁴³ Que representou un dos primeiros casos nos que atopamos unha figura do maurismo simultaneamente identificada como agraria e rexional. *Galicia Nueva*, 1 de xuño de 1919.

¹⁴⁴ O seu caso é especial, pois enfrontábase ao liberal monterista Eduardo Vicenti, que sería escolleito de xeito ininterrompido por Pontevedra dende 1886 ate 1923. *Galicia Nueva*, 13 de maio de 1919.

¹⁴⁵ Así, en Noia, en 1919 Ricardo Gasset Alzugaray repite vitoria polo artigo 29. Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, eleccións e caciquismo [...]”, op. cit., p. 85.

Aínda co aumento parlamentario, o goberno de 1919 recorrerá a expresións autoritarias (ex. suspensión de garantías constitucionais, aprobación de presupostos sen debate ou invitación á acción cidadá para a resolución dos crecentes conflitos laborais), actitudes que potenciaron aínda máis a ruptura interna na segunda Asamblea Nacional de Entidades Mauristas de novembro de 1919, na que se reflectiron dualidade de opinións entre quen apostaba polo autoritarismo e quen prefería centrarse no compoñente social e cristiá, en imitación do Partido Popular Italiano¹⁴⁶ (ex. Ossorio e Calvo Sotelo)¹⁴⁷.

En xullo de 1919 caeu o goberno de Maura, e abriuse paso un novo dirixido por Sánchez de Toca¹⁴⁸. Este goberno, en decembro de 1919 é substituído por un segundo, transicional, destinado a aprobar presupostos. Lidéao Manuel Allendesalazar e péchase en maio de 1920, coa súa dimisión e chegada de Dato¹⁴⁹.

No contexto de loita electoral preténdese a promoción dos ámbitos municipais, destacando as eleccións ao concello de Noia nos meses iniciais de 1920. Alí procédese á renovación bienal da metade da corporación nunhas eleccións verificadas o 8 de febreiro de 1920. Pese aos escándalos, concrétese nunha vitoria da oposición conservadora-maurista, que capitaneada pola rede cadarsista, logra maioría no goberno da localidade (aínda que máis tarde será invalidado), reafirmada ademais ante a deputación provincial¹⁵⁰. A corporación conservadora de Pedro López Varela¹⁵¹, en imitación da radicalización da política nacional maurista, decídese por unha liña de confrontación co goberno anterior¹⁵². Volcáse por ende, na eliminación dos axentes políticos gassetistas, destituíndo o secretario do concello, Benito Víctor Fraga García e o depositario Severo González (ambos exalcaldes gassetistas)¹⁵³.

¹⁴⁶ O Partido Popular Italiano, dacordo a *El Debate*, sería acollido coma marco referencial dos democristiás. Tusell, Javier, *Historia de la Democracia Cristiana en España (I)*, Sarpe, Madrid, 1986, pp. 102-103.

¹⁴⁷ González, María José, *Ciudadanía y acción [...]*, op. cit., p. 102.

¹⁴⁸ Tampouco contaban con apoios dos grupos á esquerda (crispados ante os abusos do anterior goberno de Maura). Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea [...]*, op. cit., p. 190.

¹⁴⁹ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea [...]*, op. cit., pp. 208-209.

¹⁵⁰ Ao redor de 70 persoeiros acoden á Audiencia da Coruña para fixar os resultados, conseguindo un triunfo pasaxeiro. Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, eleccións e caciquismo [...]”, op. cit., pp. 86-87.

¹⁵¹ Agrafoxo, Xerardo, *400 anos na historia da Vila de Noia [...]*, op. cit., p. 185.

¹⁵² O grupo liberal négase a aceptar a purga, enviando un delegado a Coruña que forzará logo a disolución do concello. Ferrández Pérez, Daniela, *Nuevos y viejos actores [...]*, op. cit., p. 123.

¹⁵³ *Ibid.*, pp. 122-123.

Con razón dos novos gobernos, convócanse eleccións xerais en decembro de 1920 con catastróficos resultados para o maurismo: pérdense deputados até quedar cuns 20 (dos 67 anteriores)¹⁵⁴. Curiosamente, nos distritos da nosa zona non se aprecia o receso e obsérvanse pola contra novas vitorias coma a de Juan Moreno Tilve en Compostela¹⁵⁵.

De todos os xeitos, quizais o que máis nos interesa é a campaña electoral de Noia de fins de 1920, onde o candidato dos mauristas estará a piques de facerse coa acta. Preséntase en oposición ao gassetismo o vizconde de San Alberto, José Varela de Limia (antigo presidente da Sociedade Económica de Amigos do País de Compostela en 1917). Tratábase dun home de extrema fortuna (incrementada coas explotacións cerealísticas locais), posuidor de minas de ferro na parroquia noiesa de Santa Cristina de Barro e casado coa única filla do maior notable da vila, Pais Lapido, de quen obtivera título de nobreza e novas fontes de ingresos¹⁵⁶. O vizconde, ademais, asentara o seu proxecto de residencia (o Pazo da Pena de Ouro) na vila, publicitándose por medio da participación na peregrinación anual do arciprestado de Postmarcos de Arriba a Compostela en 1920. Foron parte destas estratexias a realización de donativos ás vítimas da epidemia de “gripe española” de 1918 e o pagamento (tamén en 1920) da banda do Rexemento de Zaragoza¹⁵⁷. Enténdese entón, que bastante antes de que se desen accións electorais convencionais, a opinión xa estivese no distrito de Noia visiblemente inclinada. Porén, o gassetista Ricardo Gasset Alzugaray logra atraerse municipios enteiros coma Boiro¹⁵⁸.

Acódese a urnas outorgando as previsións da vitoria ao vizconde en Noia e Porto do Son, mentres que os gassetistas controlarían Boiro, Lousame e a Pobra do Caramiñal (quedando Ribeira en paridade nos resultados). Pese a todo, non hai consensos. A prensa asigna o triunfo a un e outro bando, do que son exemplo as simpatías gassetistas da *La Voz de Galicia* ou as varelistas do *Ideal Gallego*, *Diario de Galicia* ou o *El Globo*¹⁵⁹.

¹⁵⁴ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 214.

¹⁵⁵ Na súa honra fariase en xaneiro de 1921 unha homenaxe na Soc. Eco. de Amigos do País de Santiago, lembrando a López Mosquera, Vázquez de Mella ou Figueroa. *El Compostelano*, 3 de xaneiro de 1921.

¹⁵⁶ Ferrández Pérez, Daniela, *Nuevos y viejos actores* [...], op. cit., p. 123.

¹⁵⁷ *Ibid.*, pp. 123-124.

¹⁵⁸ No caso concreto de Boiro lográranse bastantes apoios para Gasset prometendo novas estradas entre a Ponte de San Francisco (en Noia) e Boiro *La Voz de Galicia*, 4 de novembro de 1920.

¹⁵⁹ Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, eleccións e caciquismo [...]”, op. cit., pp.90-92.

Pese aos esforzos varelistas, a Xunta Provincial do Censo e o secretario da deputación Manuel Vitorro concederán a reelección ao candidato gassetista¹⁶⁰, aínda que novas reclamacións cambiarán a situación¹⁶¹. Con todo, o máis interesante sería o recurso aos altercados violentos na campaña, datando o primeiro o 14 de decembro de 1920, en Porto do Son, onde resultaron apedrados os autos da comitiva dos gassetistas¹⁶².

Volvendo ao ámbito nacional, para 1920 coexistían ante o goberno de Dato actitudes diversas, expresión dos proxectos ideados dende o maurismo e dos que quizais o máis viable era o que apostaba pola refundación do Partido Conservador¹⁶³. De todos os xeitos, esta primeira saída, máis popular, rematará por truncarse ante o asasinato de Dato, feito que precipitará unha saída improvisada e temporal cunha última presidencia de Maura¹⁶⁴.

4.2. Mauristas ao final do camiño: do derradeiro goberno á carreira pola supervivencia política (1921 – 1923)

Volve así Maura ao poder en 1921 nun contexto de crise extrema, obstaculizador da súa capacidade para desenvolver calquera programa reformista. Así, non sería extremo dicir que, observando un goberno de Maura, xa non podemos ver un verdadeiro goberno maurista, ao ser a prioridade garantir a gobernabilidade do sistema e a súa conservación.

Ao tempo, a cantidade de retos abertos explica a imposibilidade da xestión e o colapso do goberno. Seguían por exemplo crescendo as nocivas repercusións do reaxuste posbélico. Por último, novas polémicas coma o desastre de Annual e as esixencias de responsabilidades poñían en entredito a lexitimidade do sistema, precipitando que o labor de Maura fose máis ca nunca o do "bombeiro da monarquía", unha ferramenta para aprobar presupostos, conter reivindicacións e conservar un sistema ferido de morte¹⁶⁵.

¹⁶⁰ *Ibid.*, p. 93.

¹⁶¹ Unha resolución, con todo, anulada con posterioridade e na que non se quixo seguir afondando ante as eleccións de 1923 e a colocación do vizconde no Senado. Martín Domínguez, Carmelo, *Crónicas da Vila do Caramiñal* [...], op. cit., p. 32.

¹⁶² Martín Domínguez, Carmelo, *Crónicas da Vila do Caramiñal* [...], op. cit., p. 27.

¹⁶³ Opoñíanse a ela fórmulas integralmente mauristas, favorables dun lado á concentración conservadora autoritaria, e doutro a unha unión de opinión de dereitas na base do catolicismo social. Esta última era a de Ossorio, responsable da fundación o 10 de xuño de 1922, do Partido Social Popular; unha experiencia en calquera caso moi curta. Tusell, Javier, *Historia de la Democracia Cristiana* [...], op. cit., p. 104-105.

¹⁶⁴ González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., p. 104.

¹⁶⁵ *Ibid.*, pp. 116-117.

As polémicas medidas adoptadas no goberno remataron por desprestixiar a Maura distanciándoo do seu movemento¹⁶⁶, vivíndose situacións especialmente duras a comezos de 1921, cando a negativa de Ossorio a integrar o goberno leva á definitiva escisión¹⁶⁷. As mesmas discrepancias atopámolas no local, onde o marqués de Figueroa é cuestionado polo presidente da Xuventude Maurista da Coruña, José Fernández López¹⁶⁸, unhas tensións que ilustran como, dende o gabinete de goberno até os centros de cada localidade, a tendencia era a da desintegración. A separación do grupo verase no verán de 1922, cando se marchen Calvo Sotelo (enfrentado con Goicoechea)¹⁶⁹ e Ossorio y Gallardo (que crea o Partido Social Popular, PSP)¹⁷⁰. De todos modos, haberá que agardar á morte de Maura en 1925, para que Calvo Sotelo rompa definitivamente maurismo. Ossorio, pola súa parte, artella a súa propia alternativa, que en Galicia non reflectiu implantación¹⁷¹.

Neste momento ante a desmembración do partido e a discusión dos seus liderados, a autonomía local-rexional vai ser xa total. Apréciase como no noso marco xeográfico, as personalidades mauristas buscan salvar as súas carreiras políticas intensificando a súa indefinición e o compoñente opositor contra as clientelas no poder. Neste sentido, faise frecuente a simultánea identificación como rexionalistas, católicos ou anticaciquís¹⁷², adxectivos flexibles, capaces de mobilizar e ao tempo desprezar as cores políticas cara a tonalidades grises, dende as que poder indistintamente negar ou reivindicar uns ou outros pasados. Os políticos mauristas sabían á altura de 1921 que ao maurismo como ao mesmo Maura non lle debía quedar demasiado tempo e, de feito, a última experiencia de goberno estaba por rematar en 1922, non habendo ningunha máis no futuro¹⁷³.

¹⁶⁶ Na nova etapa Maura estaba desacreditado e os seus xoves seguidores xa non o eran tanto, forxando camiños propios. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 218.

¹⁶⁷ En poucos meses creárase o Partido Social Popular con mauristas (ex. Ossorio), propagandistas da ACNDP (ex. Gil Robles), tradicionalistas (ex. Víctor Pradera) ou conservadores (ex. Conde de Vallellano). Tusell, Javier, *Historia de la Democracia Cristiana* [...], op. cit., p. 109.

¹⁶⁸ *El Compostelano*, 1 de febreiro de 1921.

¹⁶⁹ *Galicia Nueva*, 24 de xuño de 1922.

¹⁷⁰ A creación definitiva dáse o 15 decembro de 1922 (cando se lle da uns estatutos), atrasándoo algo certos conflitos de liderado. Tusell, Javier, *Historia de la Democracia Cristiana* [...], op. cit., pp. 108-109.

¹⁷¹ Un caso podería ser o do *Compostelano*, que valora a Democracia Cristiá ou o Partido Social Popular, para Galicia, como proxectos frustrados sen implicación real. *El Compostelano*, 28 de abril de 1923.

¹⁷² Nas eleccións de distrito por Noia de decembro de 1920, Varela de Limia xa aparecera como agrario en prensa, igual que ocorrera con López de Haro en Caldas en 1919. *Galicia Nueva*, 1 de xuño de 1919.

¹⁷³ A crise definitiva viría a fins de febreiro, conducindo a un novo goberno do conservador Sánchez Guerra. Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., pp. 253-254.

Baixo lóxicas similares entendemos o recurso ás “ligas de defensa”, alternativas de alianza política ampla, empregadas nas eleccións por Noia en 1923 con Calvo Sotelo na *Liga de defensa cívica de Noia*¹⁷⁴ e en 1922 con Gregorio Espino na *Liga de Defensores de Vigo*¹⁷⁵. No que se refire á dita campaña calvosotelista de 1923 polo distrito de Noia, merece a pena desenvolvela brevemente. Sintetízanse nesta campaña as experiencias dunha loita nas que se fusionaban o recurso á modernidade, os mitins, as obras pías ou a recente incorporación do recurso á violencia política. Como precedentes a estes comicios actúa o recordo dunhas próximas eleccións municipais, desenvoltas para 1922 e que permiten ver un último golpe de forza do maurismo. Así, o bo resultado de Madrid, con 10 concelleiros de 24¹⁷⁶, faríase extensible a varios municipios, entre eles o de Noia, onde a mencionada plataforma electoral da *Liga de defensores de Noia*, capitaneada por Angel Pérez Morales, consegue o goberno (mais volven ser apartados)¹⁷⁷.

Ante este panorama, non é de estrañar que a actitude conservadora tenda á hostilidade, pois dende que comezaran a disputar o distrito en 1910, pasaran xa 13 anos de campañas perdidas ou invalidadas. O recurso a Calvo Sotelo non só permitía incorporar contactos coa FCA de Santiago (dirixida polo anterior candidato noiés, José Varela de Limia), senón tamén cos distintos núcleos conservadores, rexionalistas, agrarios e mesmo con freguesías enteiras, recomendadas por grupos de párrocos e autoridades eclesiásticas procedentes do previo distrito do candidato (o Carballiño)¹⁷⁸. Falamos dunha campaña electoral excepcionalmente longa¹⁷⁹ que alcanza intensidade a partir de marzo de 1923, cando se asiste a unha nova visita de Calvo Sotelo, e con ela ao inicio dun ciclo de mitins en Noia. A estes, seguiranlle outros en Ribeira ou Boiro¹⁸⁰, con máis de 5000 persoas¹⁸¹.

¹⁷⁴ Esta liga partiría da *Liga de Amigos do País de Noia*, existente dende 1910, refundada co novo nome en 1923 para facilitar a campaña a Calvo Sotelo. ARG, Fondo de Gobierno Civil, sigantura: L-5125.

¹⁷⁵ Gregorio Espino enfrontábase ao bloque de poder de Ángel Urzaiz e Gabino Bugallal, obtendo a alcaldía dende 1923 ate 1927. *Galicia Nueva*, 7 de febreiro de 1922.

¹⁷⁶ Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea* [...], op. cit., p. 251.

¹⁷⁷ Conservando no distrito só representación relevante en Riveira, onde pactan repartirse concellalías. Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, eleccións e caciquismo [...]”, op. cit., pp. 94-95.

¹⁷⁸ As alianzas dos sectores galeguistas e os bloques cadarsista ou varelista poden entenderse baixo a común oposición ao gassetismo. Ferrández Pérez, Daniela, *Nuevos y viejos actores* [...], op. cit., p. 126.

¹⁷⁹ Aberta en outubro de 1922 co mitin de presentación do candidato. Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, eleccións e caciquismo [...]”, op. cit., p. 95.

¹⁸⁰ *Ibid.*, p. 98.

¹⁸¹ Pechado con comida na casa do presidente do comité de Ribeira. *El Ideal Gallego*, 6 de marzo de 1923.

En abril de 1923 retómase unha segunda etapa de mitins iniciada en Boiro, onde se defende o uso común dos montes ou se denuncian ameazas das autoridades locais. Continúan o ciclo con máis mitins en Tallara (Lousame) na que os arroupan por párrocos de Cures, Macenda ou a mesma Tállara, así como a sociedade de agricultores da zona. En días sucesivos terán lugar novos encontros/mitins en Portosín e Porto do Son¹⁸². Ricardo Gasset pola súa parte só aparecerá pola zona unha semana antes, aloxándose en Pobra do Caramiñal, no pazo familiar. Ao respecto disto, contrastan as noticias dun “cálido recibimento”¹⁸³ coas de hostilidades¹⁸⁴. Outros episodios desta campaña, menos coñecidos, serían o mitins no Salón de Cine da Pobra, de Calvo Sotelo¹⁸⁵ o 3 de marzo de 1923; ou en abril, o pronunciado dende o balcón da casa de Valle Inclán en Pobra, onde organizan unha marcha á finca de verán de Queipo del Llano¹⁸⁶.

Logo de ter analizado esta última campaña electoral, do que non cabe dúbida é de que canto menos no distrito de Noia, para a fin da Restauración e pese a non ter gañado unha sola vez a acta (pois tampouco nesta ocasión lles foi posible), o maurismo local lograra incorporar con bastante decisión as masas á práctica política e de opinión.

Para rematar, diremos do maurismo, que unha vez chegada a ditadura o 13 de setembro de 1923 este dispersouse. Isto é algo que aconteceu tanto entre os mauristas como entre os que xa defectaran do grupo. Foi igual a liña evolutiva do PSP, do que boa parte dos seus cadros apoiarían o golpe militar, chegando a integrar iniciativas como a da formación da Unión Patriótica (UP)¹⁸⁷. Entre os aíns sería entón posible ver dende técnicos primoriveristas ate colaboradores, procuradores ou mesmo ministros xa no franquismo, tales como Víctor Pradera, Manuel Aznar, Salvador Minguijón, Miguel Sancho Izquierdo ou José Larraz¹⁸⁸. Unha actitude que, por outra parte non sería distinta á dos mauristas máis “puros” que, como Goicoechea ou Lequerica, apoiarían a un e outro ditador¹⁸⁹.

¹⁸² Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, eleccións e caciquismo [...]”, op. cit., pp.98-99.

¹⁸³ Acompañouno nesta ocasión o seu tío, Rafael Gasset Chinchilla. *La Voz de Galicia*, 24 de abril de 1923.

¹⁸⁴ *El Ideal Gallego*, 24 de abril de 1923.

¹⁸⁵ Martín Domínguez, Carmelo, *Crónicas da Vila do Caramiñal* [...], op. cit., p. 64.

¹⁸⁶ *Ibid.*, pp. 64-66.

¹⁸⁷ Con todo, debería sinalarse que as defeccións en xeral retrasáronse ate 1925 e a morte de Antonio Maura, feito que conduce aos últimos indecisos a aproveitar as novas oportunidades que implicaba a UP.

¹⁸⁸ Tusell, Javier, *Historia de la Democracia Cristiana* [...], op. cit., pp. 112-116.

¹⁸⁹ González, María José, *Ciudadanía y acción* [...], op. cit., pp. 124-125.

No espazo máis local, poderían ser exemplos disto os casos de Gregorio Espino (alcalde de Vigo entre os anos 1923 e 1927) ou José Varela de Limia (que coordinará a UP na provincia da Coruña, sendo nomeado varias veces gobernador de Lugo)¹⁹⁰. Non podemos esquecer tampouco o modo no que todo isto repercutiu nas forzas opostas, apartadas da política e até castigadas baixo pretexto de corrupción. Foi esta por exemplo, a situación daquel famoso secretario da deputación, Viturro, que, xunto coa súa rede gassetista, foi expulsado dos cargos que ocupaba, resultando mesmo reo algún tempo¹⁹¹.

CONCLUSIONES

Rematado o estudo, emprendemos as súas conclusións, comezando pola recapitulación das consideradas por nós como as principais ideas e liñas interpretativas que alumearon as investigacións. Así, a primeira levaríanos a valorar a novidade da nosa definición de maurismo, unha aportación que debe ser subliñada na medida en que implica a introdución de elementos novos, fundamenta a súa forma na comparativa de escalas (nacional-local) e presenta o particular de reunir entre as acepcións e características dadas (incidindo no compoñente do movemento, a rexeneración, ambigüidade consciente ou vencellado á crise liberal europea) enfoques algo heterodoxos, diverxentes ao menos en parte, respecto das aportacións de Tusell ou María José Gonzalez. Demostra entón, como máis alá de que as imaxes sexan ou non compartidas, a adopción dunha mirada local ao maurismo permite repensalo no seu conxunto, reelaborando incluso a súa definición.

A esta aportación seguiría a da reformulación duns límites e esquemas cronolóxicos baixo os que identificamos distintas etapas (tamén propias) operativas como mecanismo interpretativo, tanto para o espazo galego como idealmente para o conxunto do español. Respecto desta cuestión, a observación da relevancia do ano 1910 constituiría igualmente unha destacable aportación. Podería fusionarse nela a explicación da crise do partido conservador e as dinámicas de poder local e partidista (especialmente tras 1909) coa explicación das orixes dos grupos primixenios (anteriores ás fundacións mauristas).

¹⁹⁰ A mesma plataforma de *Liga de defensa de Noia*, sería empregada por José Varela ou Ángel Pérez Morales para acudir a Coruña logo do golpe de 1923, amosando pública lealdade ao novo goberno de cara a congraciarse con el. Ferrández Pérez, Daniela, *Nuevos y viejos actores* [...], op. cit., pp. 126-127.

¹⁹¹ Cabo Villaverde, Miguel, *O agrarismo* [...], op. cit., p. 153.

Con anterioridade a este momento, e sen saír das observacións cronolóxicas, non estaría de máis sinalar o interese en torno da “etapa premaurista-conservadora”; rara vez valorada coma parte do movemento, mais tomada por nós coma parte vital da súa evolución. Esta podemos retrotraela ao goberno longo, sostendo a escolla na observación de intentos fundacionais anteriores ás “cronoloxías oficiais”, tales coma os sinalados para o programa de círculos e xuventudes de Salvador Canals en 1906 para Compostela.

Seguindo coa traxectoria, o tratamento paralelo que damos á evolución do maurismo nos rangos estatal e de distrito, permitiunos fixar certa causalidade entre fenómenos. Unha das primeiras e principais sería a establecida entre a aparición dos círculos no espazo de Padrón en 1914 e o xurdimento, meses antes, doutros na contorna de Vigo e fóra de Galicia, en Bilbao, Zaragoza, Madrid ou Oviedo. Do mesmo modo, fixaríanse estas relacións entre as conquistas electorais de 1918 e 1920 e a sinalada estratexia de promoción dende o poder (neses intres controlado dende presidencia por Maura) dalgúns candidatos afíns, vencedores, iso si, con máis frecuencia para a nosa zona no ano 1920.

Finalmente e en relación a esas mesmas análises electoralistas, a preocupación por non descoidar os rangos máis micro, permitiunos ter presente o valor do maurismo (xunto co agrarismo ou rexionalismo) como un elemento referencial na elaboración dos discursos lexitimadores e de coordinación da oposición aos monopolios políticos das clientelas. A súa vez isto posibilitounos o achegamento a un ideal maurista moi flexible, no que aínda compartindo certos principios ideolóxicos esenciais, a identidade política se construíría en gran medida por oposición, sendo en calquera caso, estes principios mínimos. Algo ao que contribuiría igualmente a composición duns grupos mauristas locais, formados polas elites marxinas que, dende o reiterado papel de gobernantes negados, irán definindo unha alternativa cada vez máis frustrada¹⁹² (tendente a unha evolución, por outra parte, similar á do maurismo estatal que, coma movemento, se radicalizará cara ao seu final).

¹⁹² Xa nun marco estatal, esta tendencia á radicalización dos elementos mauristas concreouse nas xuventudes (admiradoras nos últimos tempos de formas fascistas explícitas). Estas crearían en 1919 grupos de milicias urbanas de perfil burgués. De entre eles, sobresa a *Unión Ciudadana* en Madrid, orixinada nos círculos do Ateneo e café de La Montaña cunha base maurista e un discurso contrarrevolucionario marcadamente católico segundo o cal, serían a expresión da última e definitiva incorporación política das masas, non só dispostas a votar senón tamén a combater. Rey Reguillo, Fernando del, “La defensa burguesa frente al obrerismo en Madrid. La Unión Ciudadana (1919-1923)”, en Bahamonde Magro, Ángel e Otero

Por outra banda, non podemos obviar a existencia dalgunhas liñas de estudo e interrogantes, os cales seguen sendo tras os nosos esforzos aínda grandes incógnitas. Quizais os máis sobresalientes serían os que ligan o maurismo con certas iniciativas católico-confesionais como as *Asociacións Antonianas* ou a ACNdP. No que refire a elas, a existencia das prácticas de alianza semella intuírse, mais a diferenza do que acontecía co rexionalismo, agrarismo ou tradicionalismo (onde a vinculación intuible puido ser confirmada por medio de toda sorte de exemplos de simpatías entrecruzadas en prensa, referencias aos idearios dos grupos próximos ou noticias de actos comúns e asistenciais mutuas aos dos outros), nesta ocasión non é posible unha confirmación tan categórica. Isto débese, ante todo, á falta de documentación suficiente e o opaco de moitas delas, receosas respecto da mostra dos promotores ou as intencionalidades tras certos actos relixiosos, donativos, procesións e até mitins cuxa significación política conservadora é palpable, mais non o é tanto a absoluta vinculación maurista¹⁹³.

Para rematar, poderíamos indicar que, a pesar de seren moitas as aportacións e con elas as preguntas que poden facerse sobre o maurismo galego, tal vez a maior sería a que nos permite falar, tras unha década de loita electoral (1910-1923), dun maurismo local noiés triunfante na súa aspiración á politización das masas. Resulta así un feito que a cidadanía do distrito implicouse en cada elección parlamentaria ou municipal, definindo entre ela, marcadas liñas de opinión e voto (cando menos dende que a competencia política se fixo evidente, tras as eleccións de 1910). Por suposto, no proceso non só se viron implicados os elementos mauristas, xa que participaron no mesmo valores culturais/capitais traídos da emigración, experiencias asociativas ligadas ao asociacionismo agrario destes tempos e até un marco xeral de modernidade europea. Porén, ao noso parecer ningún foi tan xenuíno, definiu tan claramente a súa ambición á politización cidadá nin tivo o potencial para unilos como o maurismo; sendo este baixo a nosa mirada, o verdadeiro axente determinante na incorporación política das masas conservadoras nos distritos de Noia e Padrón e a modo de hipótese, tal vez tamén no conxunto galego e español.

Carvajal, Luis Enrique (eds.), *La sociedad madrileña durante la Restauración 1876-1931*, Vol. II, Comunidad de Madrid, Madrid, 1989, pp. 531-532.

¹⁹³ A xeral ausencia de documentación orixinal destes grupos, como da maioría dos centros mauristas, condiciona isto, facéndonos depender doutras informacións, como as proporcionadas pola prensa.

BIBLIOGRAFÍA

Agrafoxo, Xerardo, *400 anos na historia da Vila de Noia. Dende a Idade Moderna ate a II República*, Concello de Noia, Noia, 1991.

Agrafoxo, Xerardo, *Historia de Noia*, Deputación da Coruña, Coruña, 2019.

Barral Martínez, Margarita, “O monterismo en Galicia”, en Axeitos Agrelo, Xosé Luís, Grandío Seoane, Emilio e Villares Paz, Ramón (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Consello da Cultura Galega, Santiago, 2008, pp. 49-64.

Cabo Villaverde, Miguel, *O agrarismo*, Edicións a Nosa Terra, Santo Tirso, 1998.

Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “O adolescente viril: o maurismo en Galicia, 1914-1923”, en Axeitos Agrelo, Xosé Luís, Grandío Seoane, Emilio e Villares Paz, Ramón (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Consello da Cultura Galega, Santiago, 2008, pp. 83-104.

Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “El maurismo en Galicia. Un modelo de modernización conservadora en el marco de la Restauración”, *Hispania*, nº 231, 2009, pp. 87-116.

Cabo Villaverde, Miguel, “Acción Gallega: populismo agrario y cambio político en la Galicia de la Restauración, 1912-1915”, *Segle XX. Revista catalana d'història*, nº 6, 2013, pp. 113-131.

Cabo Villaverde, Miguel e Miguez Macho, Antonio, “Pisando la dudosa luz del día: el proceso de democratización de la Galicia rural de la Restauración”, *Ayer*, nº 89, 2018, pp. 43-65.

Durán, José Antonio, *Historia de caciques bandos e ideoloxías en la Galicia no urbana (Rianxo 1910 – 1914)*, Siglo XXI de España Editores, Madrid, 1972.

Durán, José Antonio, *Castelao (1886-1950): un complexo proxecto biográfico y político muy de época*, en González Beramendi, Justo e Villares Paz, Ramón (eds.) *Actas Congreso Castelao Tomo I*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1989, pp. 23-33.

Ferrández Pérez, Daniela, *Nuevos y viejos actores: clientelismo político y poder local en perspectiva comparada (1905-1936)* (dir. Lanero Táboas, Daniel), Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2019 [Tese de doutoramento]

Floristán Imizcoz, Elena e Fuentes Langas, Jesús María, “El maurismo en Navarra, 1913-1923”, *Euskal herriaren historiari buruzko biltzarra*, Vol. 7, Bilbao, 1987, pp. 95-106.

Gil Pecharromán, Julio, “Notables en busca de masas: El conservadurismo en la crisis de la Restauración”, *Espacio, tiempo y forma, Serie V*, nº 6, 1993, pp. 233-266.

González, María Jesús, “Un aspecto de la revolución desde arriba: maurismo y acción social”, *Espacio, tiempo y forma, Serie V*, nº 1, 1988, pp. 145-161.

González, María José, *Ciudadanía y acción: el conservadurismo maurista, 1907-1923*, Siglo XXI de España Editores, Madrid, 1990.

Marcos del Olmo, María Concepción, “El maurismo castellano-leonés en las elecciones generealis del período 1914-1923”, *Anales de la Universidad de Alicante: Historia contemporánea*, nº 10-11, 1994, pp. 83-92.

Martín Domínguez, Carmelo, *Crónicas da Vila do Caramiñal 1920-1942*, en: <https://smssmparaper.wordpress.com/wp-content/uploads/2019/03/cronicas-de-la-vila-del-caramic391al.pdf> [consultado o 12/03/2024]

Peña Guerrero, María Antonia, “La formación del partido maurista en Huelva: antecedentes políticos y composición social”, *Revista de Historia Contemporánea*, nº 7, 1996, pp. 303-328.

Rey Reguillo, Fernando del, “La defensa burguesa frente al obrerismo en Madrid. La Unión Ciudadana (1919-1923)”, en Bahamonde Magro, Ángel e Otero Carvajal, Luis Enrique (eds.), *La sociedad madrileña durante la Restauración 1876-1931*, Vol. II, Comunidad de Madrid, Madrid, 1989, pp. 527-539.

Robles Egea, Antonio, “Pasión y agitación política en Madrid”, en Bahamonde Magro, Ángel e Otero Carvajal, Luis Enrique (eds.), *La sociedad madrileña durante la Restauración 1876-1931*, Vol. II, Comunidad de Madrid, Madrid, 1989, pp. 69-76.

Robles Muñóz, Cristobal, *Antonio Maura un político liberal*, Biblioteca de Historia CSIC, Madrid, 1995.

Rodríguez Gallardo, Antón, “Gassetismo, elecciones e caciquismo no distrito electoral de Noia durante a Restauración Borbónica (1896-1923)”, *Barbantia Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 12, 2016, pp. 71-104.

Storm, Eric, “Los muros de contención de los conservadores. De Cánovas a Maura”, en *La perspectiva del progreso. Pensamiento político en la España del cambio de siglo (1890-1914)*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2001, pp. 42-64.

Storm, Eric, “Los guías de la nación: el nacimiento del intelectual en su contexto internacional”, *Historia y política: ideas, procesos y movimientos sociales*, nº 8, 2002, pp. 39-56.

Tuñón de Lara, Manuel, “Maura, el maurismo y sus élites”, *Mayurqa: revista del Departament de Ciències Històriques i Teoría de les Arts*, nº 16, 1976, pp. 71-85.

Tusell, Javier e Avilés, Juan, *La derecha española contemporánea, sus orígenes: el maurismo*, Espasa Universidad, Madrid, 1986.

Tusell, Javier, *Historia de la Democracia Cristiana en España (I)*, Sarpe, Madrid, 1986.

Fontes hemerográficas

La Acción

Galicia Nueva

El Barbero Municipal

Diario de Galicia

El Correo de Galicia

El Progreso

El Compostelano

El Noticiero Gallego

El Ideal Gallego

La Voz de Galicia

Fontes arxivísticas

Arquivo do Reino de

Galicia (ARG)